UNIVERSIDADE DA CORUÑA

# Memoria de xestión. 2004

## Informe do reitor ao Claustro Universitario

***Decembro, 2005***

## PRESENTACIÓN

*Nas páxinas que seguen preséntanse as principais accións levadas a cabo en 2004 polo equipo de goberno da Universidade da Coruña, así como algúns dos datos máis salientables.*

*O ano estivo marcado polo relevo na dirección da Universidade, logo de que o profesor D. José María Barja gañase as eleccións. Trala súa toma de posesión, os cambios consecuentes fixéronse con normalidade democrática e garantizouse o normal funcionamento da institución.*

*Feitos salientables que influíron decisivamente na vida da nosa Universidade foron a aprobación definitiva dos novos Estatutos de forma consensuada e a sinatura dun acordo de financiamento entre as tres universidades galegas e a Xunta ata 2010, co que se abriu un horizonte de estabilidade e se despexaron incertezas do pasado.*

*Moitas das decisións que se tomaron ao longo do ano tiveron como denominador común o propósito de incorporar criterios de transparencia nos procesos de decisión, empregando de xeito sistemático as novas tecnoloxías da información.*

*Desde o punto de vista económico e financeiro, enfrontouse a dobre responsabilidade de elaborar os orzamentos de 2004 –retrasados polo proceso electoral– e de 2005. Tomáronse medidas para recuperar estabilidade financeira e liquidez con que afrontar o grande volume de débeda herdada e conseguiuse que, por primeira vez en moitos anos, o resultado das operacións non financeiras do exercicio fose positivo.*

ÍNDICE


| | | Px. |
|---|---|---|
| 01 | GOBERNO. ESTRUTURA | 5 |
| | Equipo de goberno | 5 |
| | Consello de Goberno | 7 |
| | Centros | 9 |
| | Departamentos | 11 |
| | Titulacións | 13 |
| 02 | COMUNIDADE UNIVERSITARIA | 22 |
| | PDI | 22 |
| | Alumnado | 24 |
| | PAS | 32 |
| 03 | INFRAESTRUTURAS | 36 |
| 04 | INVESTIGACIÓN | 44 |
| | FEDER | 44 |
| | SXAIN | 46 |
| | OTRI | 49 |
| | Bibliotecas | 52 |
| | Terceiro Ciclo | 57 |
| 05 | FERROL E UNIVERSIDADE-EMPRESA | 62 |
| 06 | CALIDADE | 64 |
| | Informática e comunicacións | 65 |
| | Medios audiovisuais | 66 |
| | CUFIE | 66 |
| | Unidade Técnica de Calidade | 67 |
| | Teleformación | 68 |

| | | |
|---|---|---|
| 07 | ORDENACIÓN ACADÉMICA | 70 |
| | Universidade Sénior | 71 |
| | Unidade de Estudos de Posgrao | 71 |
| 08 | PROFESORADO | 72 |
| 09 | ESTUDANTES | 75 |
| | Transporte | 75 |
| | Colaboración institucional | 75 |
| | Docencia e estudo | 75 |
| | Bolsas e axudas | 76 |
| | Estudantes discapacitados | 76 |
| | Asistencia comunidade universitaria | 77 |
| | Asociacións estudantís | 77 |
| 10 | EXTENSIÓN UNIV. E COMUNICACIÓN | 78 |
| | Comunicación | 78 |
| | Cultura | 79 |
| | Deportes | 80 |
| | Cooperación e Voluntariado | 80 |
| | Publicacións | 80 |
| | Normalización Lingüística | 81 |
| | Cursos e Congresos | 82 |
| 11 | RELACIÓNS INTERNACIONAIS | 84 |
| 12 | MEMORIA ECONÓMICA | 86 |
| | Orzamento xeral | 86 |
| | Liquidación | 99 |
| | Plano Estratéxico | 100 |
| | ANEXO | 102 |

# 01. GOBERNO. ESTRUTURA

***Reitor***

D. José María Barja Pérez

## ► CONSELLO DE DIRECCIÓN

***Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea***

D. Manuel Peralbo Uzquiano

***Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica***

D. Anxo Calvo Silvosa

***Vicerreitor de Estudantes***

D. Miguel Ángel Simón López

***Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación***

D. Luís Caparrós Esperante

***Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade Empresa***

D. Luis F. Barral Losada

***Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental***

D. Xosé Lois Martínez Suárez

***Vicerreitora de Investigación***

Dª. Concepción Herrero López

***Vicerreitora de Organización Académica***

Dª. Pilar Uriz Tomé

***Vicerreitor de Profesorado***

D. Xosé Luís Armesto Barbeito

**Secretaria Xeral**

Dª. Patricia Faraldo Cabana

**Xerente**

D. Rafael Couto Lestao

**►CONSELLO DE GOBERNO (a 31 de decembro de 2004)**

- Antonio Álvarez Sousa
- Bernardino Arcay Varela
- Xosé Luís Armesto Barbeito
- José María Barja Pérez
- Luis Fernando Barral Losada
- Adriana Blanco Fernández
- Francisco Blanco Filgueira
- Zeltia Cainzos Rodríguez
- José Luis Calvo Pumpido
- Anxo Ramón Calvo Silvosa
- Epifanio Campo Fernández
- Mª Dolores Candedo Gunturiz
- Luís Caparrós Esperante
- Eugenia Carrera Formoso
- Manuel Castro Romero
- Rafael Colina Garea
- María Isabel Constela Doce
- Rafael Couto Lestao
- Narciso De Gabriel Fernández
- Patricia Faraldo Cabana
- Ramón Fernández Cervantes
- Jorge Juan Fernández Fontao
- Juan Manuel Freire Botana
- J. Luis García-Pita y Lastres
- José J. González-Cebrián Tello
- Carlos González Fernández
- Gael González Veira
- María Jesús Grela Barreiro
- Concepción Herrero López
- María Lozano Lendoiro
- Manuel Luaces Rodríguez
- Fernando Martínez Abella
- María José Martínez López
- José Ramón Méndez Salgueiro
- Xosé Lois Martínez Suárez

- Fermín Navarrina Martínez
- Jaime Núñez Sal
- Carmen Parrila García
- Luis P. Pedreira Andrade
- Ángel M. Pedreira Vieiro
- Manuel Peralbo Uzquiano
- Rafael Pérez Roel
- Juan Pérez Valcárcel
- Jerónimo Puertas Agudo
- Miguel Ratón Almuiña
- Inés Rey García
- José Antonio Rilo López
- María D. Rodríguez Amoroso
- Manuel Romero Martín
- Miguel Ángel Simón López
- Jorge Teijeiro Vidal
- Pilar Uriz Tomé
- Alberto Valderruten Vidal
- Ángel Varela Lafuente
- Juan Ramón Vidal Romaní
- Juan Villar de la Riera

## ► CENTROS

## CAMPUS DA CORUÑA

### *Centros propios*

Facultade de Ciencias
Facultade de Ciencias da Comunicación
Facultade de Ciencias da Educación
Facultade de Ciencias da Saúde
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Facultade de Dereito
Facultade de Filoloxía
Facultade de Informática
Facultade de Socioloxía
Escola Técnica Superior de Arquitectura
Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos
Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas
Escola Universitaria de Estudos Empresariais
Escola Universitaria de Fisioterapia
Escola Universitaria de Arquitectura Técnica
Instituto Nacional de Educación Física

### *Centros adscritos*

Escola Universitaria de Enfermería
Escola Universitaria de Relacións Laborais
Escola Universitaria de Turismo

## <u>CAMPUS DE FERROL</u>

### Centros propios

Facultade de Humanidades
Escola Politécnica Superior
Escola Universitaria de Enfermería e Podoloxía
Escola Universitaria de Deseño Industrial
Escola Universitaria Politécnica
Escola Universitaria de Relacións Laborais

### *Centros de investigación*

Centro de innovación tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC)
Centro de investigacións tecnolóxicas (CIT)

## ► DEPARTAMENTOS

Análise Económica e Administración de Empresas

Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía

Bioloxía Celular e Molecular

Ciencias da Navegación e da Terra

Ciencias da Saúde

Composición

Computación

Construcións Arquitectónicas

Construcións Navais

Dereito Privado

Dereito Público

Dereito Público Especial

Didácticas Especiais

Economía Aplicada I

Economía Aplicada II

Economía Financeira e Contabilidade

Educación Física e Deportiva

Electrónica e Sistemas

Enerxía e Propulsión Mariña

Enxeñaría Industrial

Enxeñaría Industrial II

Enxeñaría Naval e Oceánica

Filoloxía Española e Latina

Filoloxía Inglesa

Filosofía e Métodos de Investigación en Educación

Física

Fisioterapia

Galego-Portugués, Francés e Lingüística

Humanidades

Matemáticas

Medicina

Métodos Matemáticos e de Representación

Pedagoxía e Didáctica das Ciencias Experimentais

Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo

Psicoloxía

Psicoloxía Evolutiva e da Educación

Química Analítica

Química Física e Enxeñaría Química I

Química Fundamental

Representación e Teoría Arquitectónica

Socioloxía e Ciencia Política da Administración

Tecnoloxía da Construción

Tecnoloxía e Ciencia da Representación Gráfica

Tecnoloxía da Información e das Comunicacións

## ► INSTITUTOS

Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga

Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal

Instituto Universitario de Ciencias da Saúde

Instituto Universitario de Medio Ambiente

Instituto Universitario de Estudos Marítimos

Instituto Universitario de Estudos Irlandeses Amergin

## ► TITULACIÓNS

***Campus da Coruña***

**Facultade de Ciencias**

- Licenciado en Bioloxía
- Licenciado en Química

**Facultade de Ciencias da Comunicación**

- Licenciado en Comunicación Audiovisual

**Facultade de Ciencias da Educación**

- Mestre – Especialidade Educación Infantil
- Mestre – Especialidade Educación Primaria
- Mestre – Especialidade Educación Física
- Mestre – Especialidade Audición e Linguaxe
- Diplomado en Educación Social
- Diplomado en Logopedia
- Licenciado en Psicopedagoxía (2º ciclo)

**Facultade de Ciencias da Saúde**

- Diplomado en Terapia Ocupacional

**Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais**

- Licenciado en Economía
- Licenciado en Administración e Dirección de Empresas

**Facultade de Dereito**

- Licenciado en Dereito
- Dobre titulación Dereito – A.D.E

**Facultade de Filoloxía**

- Licenciado en Filoloxía Inglesa
- Licenciado en Filoloxía Hispánica
- Licenciado en Filoloxía Galega

**Facultade de Informática**

- Enxeñeiro en Informática
- Enxeñeiro Técnico en Informática de Xestión
- Enxeñeiro Técnico en Informática de Sistemas

**Facultade de Socioloxía**

- Licenciado en Socioloxía

**Escola Técnica Superior de Arquitectura**

- Arquitecto

**Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos**

- Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos
- Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas – Esp. Construcións Civís

**Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas**

- Diplomado en Máquinas Navais
- Diplomado en Navegación Marítima
- Licenciado en Máquinas Navais (2º ciclo)
- Licenciado en Náutica e Transporte Marítimo (2º ciclo)

**Escola Universitaria de Estudos Empresariais**

- Diplomado en Ciencias Empresariais

**Escola Universitaria de Fisioterapia**

- Diplomado en Fisioterapia

**Escola Universitaria de Arquitectura Técnica**

- Arquitecto Técnico

**Instituto Nacional de Educación Física**

- Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (precisa proba específica de acceso)

**Escola Universitaria de Enfermaría**

- Diplomado en Enfermaría

**Escola Universitaria de Relacións Laborais**

- Diplomado en Relacións Laborais

**Escola Universitaria de Turismo**

- Diplomado en Turismo

***Campus de Ferrol***

**Facultade de Humanidades**

- Licenciado en Humanidades
- Diplomado en Biblioteconomía e Documentación
- Licenciado en Documentación (2º ciclo)

**Escola Politécnica Superior**

- Enxeñeiro Naval e Oceánico
- Enxeñeiro Industrial

**Escola Universitaria de Enfermaría e Podoloxía**

- Diplomado en Enfermaría
- Diplomado en Podoloxía

**Escola Universitaria de Deseño Industrial**

- Enxeñeiro Técnico en Deseño Industrial

**Escola Universitaria Politécnica**

- Enxeñeiro Técnico Naval – Esp. Estruturas Mariñas
- Enxeñeiro Técnico Naval – Esp. Propulsión e Servizos do Buque
- Enxeñeiro Técnico Industrial – Esp. Electricidade
- Enxeñeiro Técnico Industrial – Esp. Electrónica Industrial

**Escola Universitaria de Relacións Laborais**

- Diplomado en Relacións Laborais

## Titulacións propias

**Máster: 26**

- Administración Financeira e Tributaria.
- Administración Marítima e Xestión Portuaria.
- Arquitectura de Interiores.
- Banca e Mercados Financeiros.
- Ciencia e Tecnoloxía Ambiental.
- Comunicación Empresarial.
- Creación e Comunicación Dixital.
- Dependencia e Xestión de Servizos Sociais.
- Dirección e Administración de Empresas (MBA).
- Dirección Integrada de Proxectos e Construción.
- Economía e Xestión da Construción.
- Edición Periodística.
- Enxeñaría Municipal.
- Estudos da Unión Europea.
- Estudos Teatrais.
- Patoloxía e Restauración Arquitectónicas.
- Planificación Industrial.
- Planificación e Xestión de Empresas Industriais.
- Prevención de Riscos Laborais EUAT.
- Produción e Xestión Audiovisual.
- Residencias e Atención ás Persoas Maiores.
- Valoración de Discapacidades.
- Xénero e Políticas de Igualdade.

- Xerontoloxía Clínica.
- Xestión da Innovación.
- Xestión Integrada de Calidade, Medio Ambiente e Prevención de Riscos Laborais.

**Posgrao: 40**

- Alteracións da Audición e da Linguaxe.
- Animación Sociocultural.
- Arquitectura de Interiores.
- Auditoría de Contas.
- Comercialización Internacional de Contidos Audiovisuais.
- Comunicación Empresarial.
- Coordinador de Seguridade e Saúde na Construción.
- Dependencia e Xestión de Servizos Sociais.
- Dirección de Recursos Humanos en Empresas, en Organizacións e en Institucións.
- Dirección Integrada en Construción.
- Dirección Integrada de Proxectos.
- Deseño e Cálculo de Estruturas de Edificación.
- Economía Forense.
- Enfermería de Empresa.
- Estatística Aplicada.
- Estratexias e Técnicas de Aprendizaxe e de Estudo.
- Estudos Teatrais e Audiovisuais.
- Fisioterapia Manipulativa Articular.
- Fisioterapia Neurolóxica.
- Fisioterapia Respiratoria.

- Intermediación Inmobiliaria.
- Intervención Familiar.
- Intervención Logopédica e Cognitiva no Lesionado Cerebral.
- Irlanda: Sociedade, Territorio e Tecnoloxía.
- Planificación e Desenvolvemento Local.
- Planificación Industrial.
- Planificación e Xestión de Empresas Industriais.
- Prevención de Riscos Laborais.
- Produción Cinematográfica.
- Produción Televisiva.
- Produtos Financeiros Derivados.
- Técnicas de Creación e Comunicación Dixital.
- Técnicas de Avaliación e de Intervención Psicoeducativa en Contextos Escolares e Sociocomunitarios.
- Técnicas de Intervención Familiar.
- Urxencias e Emerxencias Prehospitalarias en Enfermaría.
- Xénero e Políticas de Igualdade.
- Xerontoloxía Clínica.
- Xerontoloxía Social.
- Xestión de Empresas Agroalimentarias.
- Xestión Integrada de Calidade e Medio Ambiente.

**Cursos de especialización: 43**

- Administración de Fincas.
- Administración Inmobiliaria.
- Análise Bolsista.
- Análise Multivariante.

- Animación Sociocultural, Ocio e Tempo Libre.
- Atención e Coidados en Persoas Maiores con Dependencia.
- A Xestión da Calidade na Industria.
- A Xestión da Produción na Industria e as súas Operacións.
- Control de Xestión na Industria.
- Control Estatístico da Calidade.
- Cooperación Internacional ao Desenvolvemento e Xestión de Organizacións Non Gobernamentais.
- Coordinación Sociosanitaria.
- Dirección Financeira na Industria.
- Dirección Xeral da Empresa Agroalimentaria.
- Dirección e Xestión de Centros de Servizos Sociais.
- Deseño e Análise de Experimentos.
- Estudos Teatrais e Audiovisuais.
- Fiscalidade Agroalimentaria.
- Funcións Directivas na Industria.
- Habilidades no Diagnóstico das Enfermidades Reumáticas.
- Inspección Técnica de Edificios.
- Intervención en Dependencia e Discapacidade.
- Intervención en Infancia e Adolescencia.
- Intervención Integral na Poboación Emigrante e Inmigrante.
- Loxística e Transporte na Industria.
- Mercadotecnia Agroalimentaria.
- Mercadotecnia e Dirección Comercial na Industria.
- Modelos de Regresión.
- Nutrición.
- Orientación Ocupacional.
- Organización e Xestión de Servizos de Proximidade.
- Problemática Social Específica da Muller.

- Produción e Loxística das Empresas Agroalimentarias.
- Series de Tempo.
- Sistemas de Información para a Dirección.
- Técnicas de Traballo en Equipo.
- Técnico de Dirección e Administración de Empresas.
- Xestión Ambiental da Industria Agroalimentaria.
- Xestión Financeira da Empresa Agroalimentaria.
- Xestión de Proxectos Multidisciplinares na Industria.
- Xestión Medioambiental na Industria.
- Xestión e Auditorías de Calidade.
- Xestión e Auditoría Medioambiental.

***Títulos de grao: 6***

- Graduado Superior en Xestión da Prevención, da Calidade e do Medio Ambiente
- Graduado Superior en Aviación Comercial
- Graduado Superior en Pedagoxía Teatral
- Graduado en Arquitectura de Interiores
- Graduado en Pedagoxía Teatral
- Graduado en Aviación Comercial

## 02. COMUNIDADE UNIVERSITARIA

### ► PDI

- Persoal docente e investigador (*decembro 2004*)

| PRAZA | NUMERARIOS | CONTRATADOS | INTERINOS | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| AXUDANTE DE ESCOLA UNIVERSITARIA LRU | 0 | 3 | 0 | **3** |
| AXUDANTE DE UNIVERSIDADE LRU | 0 | 10 | 0 | **10** |
| AXUDANTE DOUTOR | 0 | 9 | 0 | **9** |
| AXUDANTE LOU | 0 | 13 | 0 | **13** |
| CATEDRÁTICO DE EU | 64 | 0 | 0 | **64** |
| CATEDRÁTICO DE UNIVERSIDADE | 138 | 0 | 0 | **138** |
| INVESTIGADOR | 0 | 5 | 0 | **5** |
| INVESTIGADOR PROGRAMA PARGA PONDAL | 0 | 17 | 0 | **17** |
| INVESTIGADOR PROGRAMA RAMÓN Y CAJAL | 0 | 3 | 0 | **3** |
| LECTOR IDIOMAS | 0 | 12 | 0 | **12** |
| MAESTROS DE TALLER ES MARIÑA CIVIL | 2 | 0 | 0 | **2** |
| PROF. TITULAR DE ESC. UNIVERS. INTERINO | 0 | 0 | 2 | **2** |
| PROF. TITULAR DE UNIVERSIDADE INTERINO | 0 | 0 | 4 | **4** |
| PROFESOR ASOCIADO | 0 | 350 | 0 | **350** |
| PROFESOR COLABORADOR | 0 | 2 | 0 | **2** |
| PROFESOR CONTRATADO DOUTOR | 0 | 18 | 0 | **18** |
| PROFESOR DO INEF DE GALICIA | 44 | 0 | 3 | **47** |
| PROFESOR EMERITO | 0 | 5 | 0 | **5** |
| PROFESOR NUMERARIO DE E.O. DE NÁUTICA | 8 | 0 | 3 | **11** |
| PROFESOR TITULAR DE EU | 254 | 0 | 0 | **254** |
| PROFESOR TITULAR DE UNIVERSIDADE | 357 | 0 | 0 | **357** |
| **Total** | **867** | **447** | **12** | **1326** |


Resumo xeral de profesorado
Interinos
0,90%
Contratados
33,63%
Numerarios
65,46%

## ► ALUMNADO

Alumnado de 1º e 2º ciclo que comezou o curso en 2004:

**Campus da Coruña**

| | | |
|---|---|---|
| **CENTROS PROPIOS** | | |
| FACULTADE DE CIENCIAS | | **1104** |
| FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN | | **78** |
| FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN | | **1843** |
| FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE | | **167** |
| FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS | | **2392** |
| FACULTADE DE DEREITO | | **1868** |
| FACULTADE DE FILOLOXÍA | | **507** |
| FACULTADE DE INFORMÁTICA | | **2407** |
| FACULTADE DE SOCIOLOXÍA | | **555** |
| ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA | | **2120** |
| ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS | | **1011** |
| ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE NÁUTICA E MÁQUINAS | | **537** |
| INSTITUTO NACIONAL DE EDUCACIÓN FÍSICA | | **898** |
| ESCOLA UNIVERSITARIA DE ARQUITECTURA TÉCNICA | | **1387** |
| ESCOLA UNIVERSITARIA DE ESTUDOS EMPRESARIAIS | | **1459** |
| ESCOLA UNIVERSITARIA DE FISIOTERAPIA | | **232** |
| | **Total propio** | **18565** |
| **Centros adscritos** | | |
| ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA | | **200** |
| ESCOLA UNIVERSITARIA DE RELACIÓNS LABORAIS | | **667** |
| ESCOLA UNIVERSITARIA DE TURISMO | | **710** |
| | **Total adscrito** | **1577** |
| | **Total Campus da Coruña** | **20142** |

**Campus de Ferrol**

| | |
|---|---|
| **Centros propios** | |
| FACULTADE DE HUMANIDADES | **352** |
| ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR | **749** |

| | | |
|---|---|---|
| ESCOLA UNIVERSITARIA DE DESEÑO INDUSTRIAL | | **334** |
| ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA E PODOLOXÍA | | **377** |
| ESCOLA UNIVERSITARIA POLITÉCNICA | | **1766** |
| ESCOLA UNIVERSITARIA DE RELACIÓNS LABORAIS | | **292** |
| | **Total propio** | **3870** |
| | **Total Campus de Ferrol** | **3870** |
| | **Total centros propios** | **22435** |
| | **Total centros adscritos** | **1577** |
| | **Total Universidade** | **24012** |


Distribución de alumnos por Centros
3000
2500
2000
1500
1000
500
0
Facultade de Ciencias
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Facultade de Ciencias da Comunicación
Facultade de Ciencias da Educación
Facultade de Ciencias da Saude
Facultade de Dereito
Facultade de Filoloxía
Facultade de Informática
Facultade de Socioloxía
Escola Técnica Superior de Arquitectura
Escola Técnica Superior de Camiños, Canais e Portos
Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas
Escola Universitaria de Estudios Empresariais
Escola Universitaria de Fisioterapia
Escola Universitaria de Arquitectura Técnica
Instituto Nacional de Educación Física
Escola Universitaria de Relacións Laborais (C)
Escola Universitaria de Enfermaría (C)
Escola Universitaria de Turismo
Facultade de Humanidades
Escola Politécnica Superior
Escola Universitaria de Deseño Industrial
Escola Universitaria de Enfermaría e Podoloxía
Escola Universitaria Politécnica
Escola Universitaria de Relacións Laborais (F)

- Distribución do alumnado de 1º e 2º ciclo **por titulacións**:

| AMBITO | CAMPUS | TITULACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Ciencias Experimentais e da Saúde | Coruña | LICENCIADO EN BIOLOXÍA | 592 |
| | | LICENCIADO EN QUÍMICA | 512 |
| | | LIC. EN CC. DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE | 898 |
| | | DIPLOMADO EN ENFERMARÍA | 200 |
| | | DIPLOMADO EN FISIOTERAPIA | 232 |
| | | DIPLOMADO EN TERAPIA OCUPACIONAL | 167 |
| | Ferrol | DIPLOMADO EN ENFERMARÍA | 223 |
| | | DIPLOMADO EN PODOLOXÍA | 154 |
| Humanidades | Coruña | LICENCIADO EN FILOLOXÍA GALEGA | 77 |
| | | LICENCIADO EN FILOLOXÍA HISPÁNICA | 160 |
| | | LICENCIADO EN FILOLOXÍA INGLESA | 270 |
| | Ferrol | LICENCIADO EN HUMANIDADES | 114 |
| | | DIPLOMADO EN BIBLIOTECONOMÍA E DOCUMENTACIÓN | 137 |
| | | LICENCIADO EN DOCUMENTACIÓN | 101 |
| Ciencias da Educación | Coruña | LICENCIADO EN PSICOPEDAGOXÍA (2º ciclo) | 257 |
| | | DIPLOMADO EN EDUCACIÓN SOCIAL | 313 |
| | | DIPLOMADO EN LOGOPEDIA | 173 |
| | | MESTRE: ESPECIALIDADE AUDICIÓN E LINGUAXE | 236 |
| | | MESTRE: ESPECIALIDADE EDUCACIÓN FÍSICA | 298 |
| | | MESTRE: ESPECIALIDADE EDUCACIÓN INFANTIL | 313 |
| | | MESTRE: ESPECIALIDADE EDUCACIÓN PRIMARIA | 253 |
| Xurídico Social | Coruña | LICENCIADO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS | 1054 |
| | | LICENCIADO EN ECONOMÍA | 496 |
| | | LIC. CC. ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS (SEC. ECO.) | 696 |
| | | LIC. CC. ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS (SEC. EMP.) | 146 |
| | | LICENCIADO EN DEREITO | 1778 |
| | | LIC. EN DEREITO E LIC. EN ADMON. E DIRECC. DE EMPR. (dobre titul.) | 90 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | LICENCIADO EN SOCIOLOXÍA | 555 |
| | | LICENCIADO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL | 78 |
| | | DIPLOMADO EN CIENCIAS EMPRESARIAIS | 1459 |
| | | DIPLOMADO EN TURISMO | 710 |
| | | DIPLOMADO EN RELACIÓNS LABORAIS | 667 |
| | Ferrol | DIPLOMADO EN RELACIÓNS LABORAIS | 292 |
| Tecnolóxico | Coruña | ARQUITECTO | 2120 |
| | | ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS | 905 |
| | | ENXEÑEIRO TÉCNICO OBRAS PÚBLICAS - ESP. CONSTRUCIÓNS CIVÍS | 106 |
| | | LICENCIADO EN MÁQUINAS NAVAIS | 90 |
| | | LICENCIADO EN NAÚTICA E TRANSPORTE MARITIMO | 56 |
| | | LIC. E DIPL. EN MARIÑA CIVIL (en extinción) | 2 |
| | | ENXEÑEIRO EN INFORMÁTICA | 1012 |
| | | DIPLOMADO EN MÁQUINAS NAVAIS | 229 |
| | | DIPLOMADO EN NAVEGACIÓN MARÍTIMA | 160 |
| | | ARQUITECTO TÉCNICO EN EXECUCIÓN DE OBRAS | 1387 |
| | | ENXEÑEIRO TÉCNICO EN INFORMÁTICA DE XESTIÓN | 776 |
| | | ENXEÑEIRO TÉCNICO EN INFORMÁTICA DE SISTEMAS | 619 |
| | Ferrol | ENXEÑEIRO INDUSTRIAL | 477 |
| | | ENXEÑEIRO NAVAL E OCEÁNICO | 81 |
| | | ENXEÑEIRO NAVAL E OCEÁNICO (en extinción) | 191 |
| | | ENXEÑEIRO TÉCNICO DESEÑO INDUSTRIAL | 334 |
| | | ENXEÑEIRO TÉCNICO INDUSTRIAL: ESP. ELECTRÓNICA INDUSTRIAL | 644 |
| | | ENXEÑEIRO TÉCNICO INDUSTRIAL: ESP. ELECTRICIDADE | 604 |
| | | ENXEÑEIRO TÉCNICO NAVAL: ESP. ESTRUTURAS MARIÑAS | 247 |
| | | ENXEÑEIRO TÉCNICO NAVAL: ESP. PROPULSIÓN E SERVIZOS | 271 |
| | | **Total** | **24012** |




- Alumnos de Terceiro Ciclo (04-05) **por departamentos**:

| **CÓDIGO** | **DENOMINACIÓN** | **1º ANO** | **2º ANO** | **TOTAL** |
|---|---|---|---|---|
| 101 | BIOLOXÍA ANIMAL, BIOLOXÍA VEXETAL E ECOLOXÍA | 6 | 5 | **11** |
| 102 | BIOLOXÍA CELULAR E MOLECULAR | 13 | 6 | **19** |
| 103 | COMPUTACIÓN | 13 | 14 | **27** |
| 104 | CONSTRUCIÓNS ARQUITECTÓNICAS | 22 | 17 | **39** |
| 107 | DEREITO PRIVADO | 21 | 30 | **51** |
| 108 | ECONOMÍA APLICADA 1 | 8 | 6 | **14** |
| 109 | ECONOMÍA FINANCEIRA E CONTABILIDADE | 13 | 9 | **22** |
| 110 | ELECTRÓNICA E SISTEMAS | 5 | 7 | **12** |
| 111 | FILOLOXÍA ESPAÑOLA E LATINA | 9 | 10 | **19** |
| 113 | FILOLOXÍA INGLESA | 10 | 13 | **23** |
| 114 | FILOSOFÍA E MÉTODOS DE INVESTIGACIÓN EN | 9 | 7 | **16** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | EDUCACIÓN | | | |
| 115 | FÍSICA | 3 | 6 | **9** |
| 118 | MATEMÁTICAS | 3 | 5 | **8** |
| | PEDAGOXÍA E DIDÁCTICA DAS CIENCIAS | | | |
| 119 | EXPERIMENTAIS | 10 | 9 | **19** |
| 122 | QUÍMICA ANALÍTICA | 16 | 9 | **25** |
| 124 | REPRESENTACIÓN E TEORÍA ARQUITECTÓNICA | 10 | 19 | **29** |
| 126 | DIDÁCTICAS ESPECIAIS | 0 | 3 | **3** |
| 127 | SOCIOLOXÍA E CIENCIA POLÍTICA DA ADMINISTRACIÓN | 11 | 14 | **25** |
| 128 | PSICOLOXÍA EVOLUTIVA E DA EDUCACIÓN | 0 | 4 | **4** |
| 137 | ECONOMÍA APLICADA 2 | 10 | 6 | **16** |
| 139 | MÉTODOS MATEMÁTICOS E DE REPRESENTACIÓN | 33 | 18 | **51** |
| 143 | HUMANIDADES | 19 | 31 | **50** |
| 144 | MEDICINA | 15 | 32 | **47** |
| 146 | CIENCIAS DA SAÚDE | 3 | 13 | **16** |
| 147 | ENXEÑARÍA NAVAL E OCEÁNICA | 1 | 6 | **7** |
| 148 | ENXEÑARÍA INDUSTRIAL 2 | 7 | 10 | **17** |
| 151 | ENERXÍA E PROPULSIÓN MARIÑA | 18 | 8 | **26** |
| 152 | TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS | 16 | 9 | **25** |
| 154 | QUÍMICA FÍSICA E ENXEÑARÍA QUÍMICA 1 | 7 | 7 | **14** |
| 155 | GALEGO-PORTUGUÉS, FRANCÉS E LINGÜÍSTICA | 16 | 4 | **20** |
| 901 | INSTITUTO UNIVERSITARIO DE CIENCIAS DA SAÚDE | 57 | 46 | **103** |
| 903 | INSTITUTO DE XEOLOXÍA ISIDRO PARGA PONDAL | 8 | 3 | **11** |
| | **Total** | **392** | **386** | **778** |

- ## Evolución de titulados:

| | 90/91 | 91/92 | 92/93 | 93/94 | 94/95 | 95/96 | 96/97 | 97/98 | 98/99 | 99/00 | 00/01 | 01/02 | 02/03 | 03/04 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LDO. DA MARIÑA CIVIL | 22 | 29 | 21 | 26 | 4 | 10 | 16 | 19 | 15 | 21 | - | 1 | - | - |
| LDO. EN BIOLOXÍA | - | - | - | - | - | 10 | 29 | 40 | 76 | 55 | 56 | 73 | 40 | 67 |
| LDO. EN CC. DA ACTIV. FÍSICA E O DEPORTE | - | - | - | - | - | 26 | - | 44 | 117 | 97 | 143 | 164 | 143 | 150 |
| LDO. EN CC. ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS | - | 78 | 137 | 187 | 223 | 215 | 256 | 282 | 292 | 297 | 290 | 237 | 245 | 297 |
| LDO. EN CC. QUÍMICAS | - | - | 16 | 18 | 20 | 33 | 19 | 30 | 45 | 79 | 60 | 50 | 24 | 1 |
| LDO. EN DEREITO | - | 126 | 191 | 191 | 207 | 243 | 238 | 252 | 251 | 206 | 259 | 252 | 286 | 335 |
| LDO. EN EDUCACIÓN FÍSICA | - | 90 | 70 | 57 | 74 | 51 | 93 | 89 | 24 | 8 | - | - | - | - |
| LDO. EN FILOLOXÍA GALEGA | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | 13 | 16 | 24 |
| LDO. EN FILOLOXÍA HISPÁNICA | - | 44 | 63 | 63 | 72 | 31 | 34 | 30 | 44 | 30 | 32 | 33 | 38 | 37 |

| | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LDO. EN FILOLOXÍA INGLESA | - | - | - | - | - | 23 | 109 | 82 | 112 | 64 | 101 | 79 | 63 | 50 |
| LDO. EN HUMANIDADES | - | - | - | - | - | - | 23 | 18 | 33 | 24 | 29 | 27 | 23 | 21 |
| LDO. EN INFORMÁTICA | - | 50 | 43 | 97 | 105 | 98 | 96 | 109 | 46 | 16 | 10 | 3 | 1 | - |
| LDO. EN MÁQUINAS NAVAIS | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | 3 | 2 | 3 | 13 |
| LDO. EN NÁUTICA E TRANSPORTE MARÍTIMO | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | 9 | 11 | 14 | 13 |
| LDO. EN PSICOPEDAGOXÍA | - | - | - | - | 69 | 56 | 49 | 78 | 87 | 71 | 78 | 75 | 72 | 58 |
| LDO. EN QUÍMICA | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | 25 | 50 | 47 | 68 |
| LDO. EN SOCIOLOXÍA | - | - | - | - | - | 58 | 40 | 44 | 76 | 90 | 71 | 72 | 85 | 66 |
| ARQUITECTO | 77 | 60 | 47 | 83 | 72 | 54 | 56 | 60 | 113 | 104 | 165 | 194 | 220 | 223 |
| ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS | - | - | - | - | - | 12 | 11 | 24 | 39 | 57 | 68 | 99 | 111 | 84 |
| ENXEÑEIRO EN INFORMÁTICA | - | - | - | - | - | - | - | 20 | 20 | 25 | 44 | 47 | 65 | 74 |
| ENXEÑEIRO INDUSTRIAL | - | - | - | - | - | - | 7 | 2 | 11 | 23 | 29 | 31 | 39 | 35 |
| ENXEÑEIRO NAVAL E OCEÁNICO | - | - | - | - | - | - | 1 | 1 | 3 | 5 | 4 | 13 | 13 | 18 |
| DIPL. DA MARIÑA CIVIL | 19 | 20 | 7 | 8 | 21 | 5 | 6 | 9 | 14 | 20 | - | - | - | - |
| DIPL. EN BIBLIOTECONOMÍA E DOCUM. | - | - | - | - | - | - | - | - | 30 | 38 | 38 | 39 | 44 | 45 |
| DIPL. EN CC. EMPRESARIAIS | 201 | 104 | 140 | 176 | 159 | 184 | 213 | 184 | 182 | 123 | 128 | 172 | 196 | 171 |
| DIPL. EN EDUCACIÓN SOCIAL | - | - | - | - | - | - | - | 29 | 45 | 40 | 66 | 43 | 49 | 59 |
| DIPL. EN ENFERMARÍA (A Coruña) | 49 | 61 | 51 | 51 | 55 | 55 | 52 | 51 | 51 | 57 | 53 | 55 | 42 | 54 |
| DIPL. EN ENFERMARÍA (Ferrol) | - | - | 46 | 56 | 62 | 68 | 68 | 61 | 62 | 43 | 54 | 58 | 48 | 59 |
| DIPL. EN FISIOTERAPIA | - | - | 38 | 41 | 34 | 35 | 53 | 39 | 67 | 68 | 39 | 53 | 46 | 55 |
| DIPL. EN INFORMÁTICA | 61 | 101 | 100 | 57 | 94 | 85 | 145 | 44 | 30 | 9 | 1 | 4 | 5 | 2 |
| DIPL. EN LOGOPEDIA | - | - | - | - | - | - | - | 36 | 38 | 31 | 37 | 37 | 42 | 34 |
| DIPL. EN MÁQUINAS NAVAIS | - | - | - | - | - | - | - | - | 4 | 10 | 17 | 18 | 25 | 59 |
| DIPL. EN NAVEGACIÓN MARÍTIMA | - | - | - | - | - | - | - | - | 3 | 20 | 15 | 14 | 33 | 20 |
| DIPL. EN PODOLOXÍA | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | 41 | 38 | 34 | 36 |
| DIPL. EN PROFESORADO DE EXB | 171 | 165 | 177 | 191 | 217 | 189 | 84 | 41 | 14 | 4 | 1 | 1 | 1 | - |
| DIPL. EN RELACIÓNS LABORAIS (A Coruña) | - | - | - | - | - | - | - | 61 | 99 | 140 | 173 | 181 | 156 | 165 |
| DIPL. EN RELACIÓNS LABORAIS (Ferrol) | - | - | - | - | - | - | - | 39 | 91 | 120 | 121 | 120 | 70 | 84 |
| DIPL. EN TERAPIA OCUPACIONAL | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | 38 | 41 | 42 | 40 |
| DIPL. EN TURISMO | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | 59 | 106 | 97 | 135 |
| ARQUITECTO TÉCNICO | 93 | 80 | 87 | 127 | 109 | 154 | 179 | 245 | 251 | 273 | 203 | 178 | 163 | 148 |
| ENX. T. DESEÑO INDUSTRIAL | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | 2 | 7 | 12 |
| ENX. T. EN INFORMÁTICA DE SISTEMAS | - | - | - | - | - | - | 2 | 12 | 23 | 17 | 30 | 29 | 23 | 46 |
| ENX. T. EN INFORMÁTICA DE XESTIÓN | - | - | - | - | - | - | 11 | 18 | 27 | 34 | 36 | 50 | 45 | 53 |
| ENXEÑEIRO TÉCNICO INDUSTRIAL | - | 16 | 25 | 23 | 30 | 51 | 66 | 86 | 154 | 124 | 107 | 74 | 28 | 14 |

| | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ENX. T. INDUSTRIAL: ESP. ELECTRICIDADE | - | - | - | - | - | - | - | - | 2 | 7 | 18 | 26 | 30 | 44 |
| ENX. T. INDUSTRIAL: ESP. ELECTRONICA IND. | - | - | - | - | - | - | - | - | - | 9 | 35 | 30 | 36 | 48 |
| ENXEÑEIRO TÉCNICO NAVAL | 31 | 29 | 32 | 34 | 17 | 16 | 31 | 47 | 74 | 60 | 43 | 26 | 10 | 2 |
| ENX. T. NAVAL: ESP. ESTRU. MARIÑAS | - | - | - | - | - | - | - | - | 2 | 7 | 10 | 20 | 27 | 22 |
| ENX. T. NAVAL: ESP. PROPUL. E SERV. | - | - | - | - | - | - | - | - | 1 | 3 | 15 | 16 | 15 | 24 |
| GRADUADO SOCIAL DIPL. (A Coruña) | 159 | 132 | 308 | 207 | 167 | 219 | 315 | 125 | 55 | 79 | 11 | 12 | 4 | 7 |
| GRADUADO SOCIAL DIPL. (Ferrol) | 82 | 50 | 172 | 87 | 92 | 81 | 110 | 90 | 23 | 24 | 11 | 1 | 2 | - |
| MESTRE: ESP. AUDICIÓN E LINGUAXE | - | - | - | - | - | - | 49 | 54 | 58 | 59 | 53 | 66 | 51 | 56 |
| MESTRE: ESP. EDUCACIÓN FÍSICA | - | - | - | - | - | - | 75 | 49 | 57 | 55 | 62 | 62 | 58 | 37 |
| MESTRE: ESP. EDUCACIÓN INFANTIL | - | - | - | - | - | - | 31 | 54 | 46 | 44 | 47 | 52 | 59 | 38 |
| MESTRE: ESP. EDUCACIÓN PRIMARIA | - | - | - | - | - | - | 39 | 47 | 65 | 46 | 37 | 56 | 53 | 44 |
| **Total** | **965** | **1235** | **1771** | **1780** | **1903** | **2062** | **2606** | **2625** | **2972** | **2836** | **3075** | **3209** | **3089** | **3247** |

## ► PAS

**A CORUÑA**

| **FUNCIONARIOS** | **A** | **B** | **C** | **D** | **E** | **TOTAL** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Centros, departamentos, institutos | 1 | 29 | 78 | 61 | 0 | **169** |
| Servizos centrais | 11 | 14 | 46 | 71 | 0 | **142** |
| **Total** | **12** | **43** | **124** | **132** | **0** | **311** |

| **LABORAIS** | **1** | **2** | **3** | **4A** | **4B** | **TOTAL** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Centros, departamentos, institutos | 14 | 25 | 46 | 32 | 51 | **168** |
| Servizos centrais | 53 | 37 | 58 | 18 | 32 | **198** |
| **Total** | **67** | **62** | **104** | **50** | **83** | **366** |

## FERROL

| FUNCIONARIOS | A | B | C | D | E | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Centros, departamentos, institutos | 0 | 4 | 10 | 17 | 0 | **31** |
| Servizos centrais | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | **1** |
| **Total** | **0** | **4** | **10** | **18** | **0** | **32** |

| LABORAIS | 1 | 2 | 3 | 4A | 4B | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Centros, departamentos, institutos | 0 | 9 | 9 | 16 | 15 | **49** |
| Servizos centrais | 2 | 2 | 2 | 0 | 5 | **11** |
| **Total** | **2** | **11** | **11** | **16** | **20** | **60** |

| | |
|---|---|
| **Total PAS A Coruña** | **677** |
| **Total PAS Ferrol** | **92** |
| **Total PAS** | **769** |

## A CORUÑA

| FUNCIONARIOS | | LABORAIS | |
|---|---|---|---|
| FIXOS | 282 | FIXOS | 149 |
| INTERINOS | 28 | TEMPORAIS | 217 |
| EVENTUAIS | 1 | | |
| **Total** | **311** | **Total** | **366** |

**Total PAS** **677**




**FERROL**

| FUNCIONARIOS | | | LABORAIS | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | FIXOS | 20 | | FIXOS | 26 |
| | INTERINOS | 12 | | TEMPORAIS | 34 |
| | EVENTUAIS | 0 | | | |
| | **Total** | **32** | | **Total** | **60** |

**Total PAS** **92**


Distribución do PAS en laborais e funcionarios
(Ferrol)
Funcionarios
34,78%
Laborais
65,22%

## 03. INFRAESTRUTURAS

As actividades desenvoltas pola Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental centráronse nos seguintes niveis:

### ►ANALISIS DA SITUACIÓN DOS CAMPUS E REORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS

- Realizouse un informe da situación e das dimensións alcanzadas polo patrimonio inmobiliario e as instalacións nos campus da Coruña e de Ferrol (terreos, edificios, redes de infraestruturas de saneamento, abastecemento de auga, electricidade, telefonía, viario e zonas verdes).

- Elaborouse o deseño da estrutura dos **Servizos Técnicos de Arquitectura e Urbanismo** da UDC (arquitectos, enxeñeiros, aparelladores,...) acordes coa complexidade das funcións requiridas para o correcto funcionamento dos dous campus. Incorporouse ao campus da Coruña un arquitecto técnico con dedicación total e cóntase co asesoramento de dous arquitectos en temas de arquitectura e urbanismo para o desenvolvemento do Plan Parcial do Campus de Elviña-A Zapateira (1991) e o estudo das alternativas de ampliación do campus de Esteiro, así como a realización de pequenos proxectos de obras de distribución, mantemento e mellora das edificacións, espazos públicos e mobiliario. No campus de Ferrol cóntase co asesoramento dun arquitecto técnico en temas de mantemento e pequenas obras de reforma do conxunto dos edificios e instalacións existentes.

► **ESCALA TERRITORIAL**

- Desenvolveuse o documento *Política de Vivenda e Universidade* (páxina web da UDC) no que se pon de manifesto que **unha política de aloxamento universitario que pretenda ser eficaz non pode estar á marxe da política de vivenda publica**. A proposta foille presentada ao Ministerio da Vivenda e á Dirección Xeral da Vivenda.

- Accesibilidade territorial: a UDC como equipamento público do ensino superior a escala territorial, ten na rexión urbana da Coruña –Ferrol (650.000 habitantes) a súa área preferente de servizo á sociedade galega. Nesta liña de traballo realizouse o esforzo nunha dobre dirección:

  ▪ Redacción de diferentes alternativas do *Anteproxecto de vial paralelo ao FFCC* co obxecto de establecer un **punto de conexión directa** entre transporte ferroviario e transporte de autobuses, co obxecto de facer viable a **intermodalidade** no Apeadeiro do Campus de Elviña.

  ▪ Definir o aliñamento das edificacións que posibiliten a creación de escenarios de centralidade territorial e urbana no interior do campus.

## ► ESCALA URBANA

- Realizáronse xestións diante das administracións competentes para fortalecer as relacións, entre os espazos universitarios nos que se emprazan os centros, facultades, edificios administrativos, etc. e os tecidos urbanos da cidade, hoxe moi débiles no caso da Coruña. Elaboráronse as seguintes propostas no ámbito da mobilidade:

■ Anteproxecto de **carril bici-paseo peonil** entre o campus de Elviña e a Palloza, presentado ao Concello da Coruña.

■ Elaboración dunha proposta de carril bici entre o campus de Esteiro, o barrio da Magdalena e o polígono de Caranza, presentado ao Concello de Ferrol.

■ Redacción dunha alternativa de **Liña Universitaria de Transporte Urbano Municipal** dende a Península da Torre-Monte Alto-Reitoría e o campus de Elviña - A Zapateira

■ Proposta de integración urbana das instalacións universitarias de Riazor co obxecto de crear o **Polo Universitario de Riazor** a partir da conexión dos espazos libres entre o CUR-Maxisterio, dotando á UDC dunha imaxe propia no centro da cidade na que o espazo universitario sexa tamén espazo público urbano.

■ Reitoría-A Maestranza. A posición privilexiada da Reitoría, a proximidade á Fundación Luís Seoane e ao Arquivo do Reino de Galiza e a disposición de amplos espazos porticados tanto interiores

(privados) como exteriores (praza pública) a nivel da planta baixa, e polo tanto facilmente accesibles para a cidadanía, fan que se poida converter nun eslabón dun circuíto cultural da cidade. A proposta da Vicerreitoría de Extensión Universitaria, desenvolveuse polos Servizos Técnicos un ***Anteproxecto de Sala Multiusos de Exposicións/ Conferencias/Prensa.***

► **ESCALA DOS CAMPUS**

**Campus da Coruña**

.

- **Plano da estrutura da propiedade do solo no ámbito do plan parcial 2002** do campus da UDC, no que se reflicte a orixe das propiedades sobre o que se asentan centros e facultades, viarios e zonas verdes do campus de Elviña - A Zapateira, custo das expropiacións e institucións que as financiaron. Así mesmo, descríbense ben as parcelas pendentes de expropiación no conxunto do campus, propietarios e superficies.

- A partir da documentación aportada pola delegación provincial do Ministerio de Facenda procedeuse ao comezo dos traballos de redacción da documentación do "***Expediente de Expropiación das parcelas afectadas pola área Residencial Universitaria"***.

- Modificación puntual do Plan Parcial -2002: dende os Servizos Técnicos da Vicerreitoría comezáronse os traballos de Redacción do documento ***Modificación puntual do plan parcial do campus de Elviña*** co obxectivo de "relocalizar" a edificabilidade contemplada no PP-1990/2002, para adaptala á nova situación urbanística existente no contorno do campus dende a aprobación dos planos parciais do Recinto

Feiral e do Parque Ofimático, á posibilidade de materialización da edificabilidade en terreos propiedade da UDC, aos principios de desenvolvemento sostible no eido do Planeamento Urbanístico. A nova situación urbanística que se vai producir en breve período de tempo debe impulsar á UDC a **liderar o control da forma urbana do campus nos terreos-límite** a partir da construción dunha **gran peza arquitectónica excepcional** nunha posición privilexiada para o fortalecemento da súa imaxe como referente do que debe ser un servizo publico.

- **Ordenación volumétrica do Parque Científico de Elviña.** De acordo coa necesidade de construción do Edificio do CITIC e co obxectivo da UDC de **crear un parque científico en Elviña** nas parcelas 21 e 22, procedeuse á ordenación dos volumes das mesmas. Redactouse un primeiro *Anteproxecto de Ordenación Volumétrica* que non hipotecase o posterior desenvolvemento do Parque Científico. Polos Servizos Técnicos realizáronse os correspondentes planos e maquetas. Como parte deste proxecto procedeuse á delimitación da parcela do CITIC, actualmente en construción.

**<u>Campus de Ferrol</u>**

- Proposta de modificación puntual do PXOM para ampliación do campus de Esteiro : Estender a cualificación urbanística de ***"****Solo Urbano para Usos Universitarios****"*** a terreos adxacentes ao campus de Esteiro.

- Proposta de modificación puntual do plano parcial do Polígono de Caranza. Habilitar nesta nova área **unha parcela destinada a usos residenciais universitarios para a construción dunha residencia universitaria.**

- Modificación Puntual PERI Campus Esteiro. Delimitación dunha nova **parcela para Centro Cívico Universitario** e creación dunha praza pública fronte a Facultade de Humanidades.

## ► ESCALA DO ESPAZO PÚBLICO

### Campus da Coruña

As actuacións desenvolvidas nos anos 2004 afectan a obras que se encontraban en execución e que se continuaron neste ano:

- **Redeseño do vial intercampus** incorporando beirarrúas e axardinamento ao longo do seu trazado.
- De especial significación é o comezo dos traballos para a **reordenación da praza da Zapateira**, para convertela nun espazo urbano público acorde coas características do ámbito universitario no enclave da Zapateira.
- Remate de Urbanización da VI FASE .
- Varias alternativas ao Anteproxecto Vial Paralelo a Liña do FFCC. (tramitado ante RENFE-ADIF).

- Plano de mantemento de espazos libres e zonas verdes do Campus de Elviña –A Zapateira (Inventario de Zonas Verdes. Paxina Web. UDC-VIXA)

**Campus de Ferrol**

- O estudo do espazo público do campus de Esteiro-Ferrol centrouse na ordenación do espazo existente entre Vicerreitoría/ Facultade de Humanidades/ Servizo de Extensión Universitaria e a Casa do Patín. O anteproxecto de reorganización do espazo público parte da creación dunha praza urbana coa eliminación do vial de tráfico rodado e a súa peatonalización e trafico rodado restrinxido, o que abriría a posibilidade de ampliación do campus cara o Oeste. Realizáronse planos e maquetas do anteproxecto que foron presentadas ao Concello de Ferrol.
- Plano de mantemento dos espazos libres, zonas verdes do campus de Esteiro.

**► ESCALA DAS EDIFICACIÓNS**

- Comezou o **proceso de dixitalización dos edificios da UDC**: Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Facultade de Informática, Facultade de Socioloxía.

- Proxectos de edificación ou nova distribución.

- Proxecto de **Aulas de Estudo** e mobiliario en Riazor (Páxina Web. UDC-VIXA).

- **CITIC:** Remate de expediente de expropiación e primeiros anteproxectos e proxectos do CITIC (Páxina Web. UDC-VIXA).
- **Anteproxectos do Centro Cívico Universitario** e urbanización do espazo público do campus de Esteiro-Ferrol. (Páxina Web.UDC-VIXA)
- Anteproxecto para **reforma do anexo de Ciencias**. (Páxina Web. UDC-VIXA).
- **Centro de Documentación e Arquivo**: Ampliación do encargo de proxecto Básico e de execución de adaptación da planta baixa para aula de estudo e realización de soto para Arquivo/ Almacén. Adxudicación Obra. Distribución interior para VIXA, CUFIE, Extensión Universitaria, Biblioteca.
- **Facultade de Socioloxía**: Estudo de utilización de espazos da facultade. Anteproxecto de distribución de espazos para a **Facultade de Ciencias da Comunicación**.

Realizouse un seguimento das diversas obras en execución (Urbanización Elviña VI Fase, vial intercampus, edificio do Centro de Documentación e Arquivo, Facultade de Ciencias da Saúde, edificio de aparcamentos fronte a Arquitectura Técnica, locais no CUR).

Así mesmo, polos Servizos Técnicos da UDC, no cumprimento cotián das tarefas encomendadas, procedeuse a desenvolver os traballos de reforma, ampliación, mellora e amoblamento que foron xurdindo tanto nos diferentes edificios destinados á administración, docencia, investigación e servizos como nos espazos públicos a cargo da UDC.◄

## 04. INVESTIGACIÓN

A actividade investigadora da UDC continuou ao longo de 2004 o seu crecemento e consolidación, continuando e completando accións iniciadas en anos anteriores e buscando novas actuacións que permitan un incremento cuantitativo e cualitativo, dirixido á excelencia investigadora, un dos eixes básicos na misión da universidade.

Xestionáronse a través da Oficina de Contratos e Convenios 94 convenios de I+D, o que representa máis do 27% do total dos xestionados, que inclúen convenios para cursos, prácticas etc.

### ► FEDER

Gran parte do esforzo da xestión desta Vicerreitoría estivo dirixida á **execución dos fondos FEDER do período 2000-2002**. Para este período foran concedidos 11374755.11€ e a decembro de 2003 só estaba executado e certificado un 37%, o que obrigou a completar a execución no 2004, abonándose máis de 7 millóns de euros por expedientes abertos no ano 2002.

A achega conseguida na convocatoria do FEDER de 2003, a solicitude do anterior equipo reitoral, para investimentos en edificios, redes de comunicación e infraestrutura asociados á investigación por importe de 4,647 millóns de euros obrigou a buscar o 30% de cofinanciamento que se esixe aos beneficiarios (1,991 millóns de euros).

A Vicerreitoría de Investigación conseguiu captar todo o cofinanciamento para este proxecto no que se refire a Infraestrutura e Redes de Comunicación doutros entes públicos (Consellaría de Innovación e outras institución públicas), o que supuxo máis de 1.5 millóns de euros. As infraestruturas obtidas están destinadas a completar o equipamento dos Servizos Centrais de Investigación, do CITECC, do Laboratorio de Radioactividade Ambiental de Ferrol e do novo Centro de Investigación en Tecnoloxía da Información e da Comunicación (CITIC), para o cal tamén obtívose subvención para a súa construción, aínda que nun importe moi inferior o solicitado

- **Contratáronse 173 persoas** con cargo a convenios e proxectos.
- En canto a bolsas e contratos de investigación dependentes directamente da Vicerreitoría salientar:
- Concesión de 6 novas bolsas de FPU e 7 de FPI.
- Concesión de 24 bolsas de Terceiro Ciclo da Xunta de Galicia, fronte as 13 de 2003.
- **Concesión de 38 bolsas predoutorais** da Xunta de Galicia**.**
- Incorporación de 14 investigadores dentro do Programa "Isidro Parga Pondal", fronte os 6 de 2003.
- Contratación mediante convocatoria pública de 14 Tecnólogos con cargo a un convenio coa Dirección Xeral de I+D.

A estas se suman as bolsas de Terceiro Ciclo, predoutorais e outras bolsas ou contratos de apoio a investigación de convocatorias da UDC.

Así mesmo, incrementouse a contía dos salarios dos contratos de persoal de apoio á investigación, que existían desde hai varios anos en base a

un convenio coa dirección Xeral de I+D (2 nos SXAIN, 1 nos SIAIN, 2 no CIT, 3 no CITEEC, 2 na OTRI, 1 no IMEDIR e 1 no Instituto de Medio Ambiente), tendo en conta que no 2004 a redacción do convenio o permitía. Aínda que se iniciaron como contratos en prácticas co paso dos anos trátase de persoal xa formado, polo que cumpría procurar mecanismos para esta subida.

A actividade científica e de transferencia de tecnoloxía dos investigadores da UDC púxose de manifesto en 2004, entre outros indicadores, na obtención de sexenios de investigación e patentes. Os profesores da UDC obtiveron 73 valoracións positivas de tramos de investigación, así como a concesión de 10 patentes que foran tramitadas en años anteriores. Durante 2004 iniciáronse os trámites de 3 novas patentes e un rexistro de software.

A continuación expóñense as actividades máis salientables das unidades ou servizos dependentes desta Vicerreitoría:

### ► SXAIN

Foi nomeada Directora dos Servizos Xerais de Apoio a Investigación a Prof. Dra. Mª Antonia Señarían Rodríguez.

Durante o ano **2004 finalizou o traslado destes servizos** ao novo edificio situado no campus de Elviña, sendo necesaria a posta a punto dos equipos nas novas instalacións. Foi necesario acometer una serie de obras de acondicionamento no mesmo debido a varias deficiencias que presentaba y que aínda hoxe non se solucionaron totalmente.

O ano 2004 caracterizouse nos SXAIN pola adecuación, situación e posta en marcha dos novos laboratorios no Edificio de Servizos Centrais de Investigación do campus de Elviña. O acondicionamento das salas para os novos equipos e a posta a punto de novas técnicas e métodos fixeron que a política dos servizos se enfocara principalmente nestes puntos:

1.- Estabilidade e mellora da oferta existente
2.- Cumprimento da Normativa de Prevención de Riscos Laborais; Instalacións Radiolóxicas, Medición de Fondo Ambiental, Seguridade nos laboratorios e todo o concernente a saúde e hixiene no traballo.
3.- Ampliación da oferta de servizos para usuarios, investigadores da UDC e sociedade en xeral coa posta a punto de novos métodos
4.- Mellora na axilidade de trámites administrativos de cara ao usuario

Realizouse o acondicionamento de varios laboratorios, e púxose a funcionar diverso equipamento de última xeración. Ademais, implementáronse varios ensaios novos. Cabe destacar **a posta en marcha do único laboratorio en Galicia para análises de dioxinas e furanos en matrices ambientais e alimentarias.** Así mesmo, procedeuse á posta en marcha da metodoloxía de análise de 50 pesticidas recollidos pola Directiva 98/82/EC en alimentos e matrices ambientais.

O número de mostras rexistradas en 2004 foi de 19.215 e o **nº de determinacións 26.947.**

Durante o período fiscal de 2004 os SXAIN **xeraron uns ingresos por análises realizadas de 176.093,56 €** (non inclúe o IVE das cantidades correspondentes a usuarios tipo B e C).

En relación ao ano anterior, o tempo de pago dos usuarios tipo ten diminuído considerablemente e ao peche do ano económico teñen efectuado o pagamento o 94% dos usuarios da propia UDC (tipo A). Non se pode avaliar o crecemento económico en relación con anos anteriores por carecer de datos, pero é significativa a tendencia xeral ao crecemento en solicitudes de análises que detalla o total do rexistro xeral de mostras e dos balances de determinacións que presentan as distintas unidades.

A maioría dos usuarios dos SXAIN son de tipo A, isto é, da propia universidade (80% en 2004), un 13% doutros organismos oficiais e un 7% de empresas e particulares.

Durante 2004 deseñouse e incluíuse na web da universidade a páxina dos SXAIN, onde se presentan todos os servizos ofertados **e se fan públicas, por primeira vez desde a creación dos Servizos, as tarifas en vigor,** aprobadas por la Comisión de Usuarios en marzo de 2004 e posteriormente polo Consello Social.

Inclúese información dos servizos dos que dispoñen os SXAIN na oferta tecnolóxica do Observatorio Calidade da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia da Consellería de Innovación, Industria e Comercio da Xunta de Galicia.

Ademais de continuar cos ensaios interlaboratorios existentes, establecéronse contactos e organizáronse visitas a distintas entidades, para dar a coñecer a oferta dos servizos. Así mesmo, visitáronse varios dos servizos similares existentes en España.

Os servizos comezaron durante 2004 o proceso de **autoavaliación**.

De cara a organización interna, **creouse un comité técnico**, con representación de todas as unidades, así como dinamizouse a Comisión de Usuarios, que non se reunía desde o 2001.

## ► OTRI

- Nomeouse a Dª Pilar Pintor como directora da OTRI.
- Durante este ano iniciouse un proceso de redefinición da OTRI, tratando de separar as xestións que deben ser realizadas por un Servizo de Investigación.
- Obtivéronse tres proxectos financiados, dous do Ministerio de Ciencia y Tecnología e un da Consellería de Innovación
- Das actividades realizadas pola OTRI en 2004 destacan:

**+ Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación, Industria e Comercio da Xunta de Galicia de 10 de novembro do 2003**

Dentro deste convenio realizáronse as seguintes actividades:

- Notoriedade da rede de organismos de interfaz.

- Programa IDIPYME destinado a apoiar ás empresas galegas con pouca ou nula experiencia na xestión da innovación e na presentación de proxectos de I+D ás distintas convocatorias públicas.

- Apoio a actividades de spin-off.
- II Reunión de OTRIs científicas galegas.
- Aula de Innovación para OTRIs.

**+ Convenio "Empresa- Concepto".**

No marco deste convenio, financiado pola Consellería de Innovación, e coordinado pola Universidade de Santiago de Compostela, apoiouse a participación de grupos no programa de fomento de empresas de base tecnolóxica:

+ Plano de actuación base: "Creación del servicio Europyme para la promoción, fomento y coordinación de las ayudas europeas", financiado polo Ministerio de Ciencia y Tecnología en 2003.

No marco deste proxecto realizáronse actividades de información, formación, asesoramento e xestión para preparar solicitudes de proxectos europeos ou xestionar os concedidos.

+ Xestión de patentes e rexistros de software: No ano 2004 **tramitáronse tres patentes** e a Oficina Española de Patentes y Marcas concedeu **dez tramitadas** en anos anteriores. Así mesmo, tramitouse un rexistro de software.

**+ Semana da Ciencia e a Tecnoloxía na Universidade da Coruña 2004**

- Taller interactivo: O desenvolvemento científico e tecnolóxico inflúe na nosa vida cotiá.
- A visión da Ciencia dos universitarios a debate.

**+ Conferencias "Promoción da cultura científica e tecnolóxica"**

En colaboración coa Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales, realizáronse 5 conferencias durante o mes de novembro, nos campus da Coruña e Ferrol, abarcando distintos aspectos da ciencia e a tecnoloxía, desde as ciencias sociais á medicina.

- Exposición da oferta tecnolóxica da Universidade da Coruña.
- Edificio de Servizos Centrais de Investigación, do 15 ao 19 novembro de 2004.
- Vicerreitoría de Ferrol e Facultade de Humanidades, do 22 ao 26 de novembro de 2004.
- Xira estándares W3C (World Wide Web Consortium)

**+ Nova páxina web da OTRI**

Co obxectivo de darlle un novo impulso á OTRI, deseñouse unha nova páxina web do servizo, sinxela e útil para os investigadores e para as empresas.

Nesta páxina web ofrécese información sobre as liñas de investigación da UDC, así como sobre as convocatorias e axudas á investigación (Plan Galego IDIT, Plan Nacional de I+D+I, Programa Marco, etc.).

► **BIBLIOTECAS**

Dinamizáronse a Xunta Técnica e a Comisión de Biblioteca. Renovouse o parque informático de todas as bibliotecas. En Consello de Goberno do 7 de xullo de 2004 aprobouse a **Carta de Dereitos e Deberes dos Usuarios**. Estableceuse un sistema de cobertura de eventuais vacantes grazas á elaboración de listas de espera.

| **UDC Inversións en fondos bibliográficos** | | | | | | **Gasto en información electrónica** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Ano** | **Monografías** | **Subscricións a revistas** | **Bases de datos** | **Outros materiais** | **Total** | |
| **2004** | 1.202.101 € | 1.316.093 € | 134.553 € | 26.531 € | **2.679.278 €** | 648.390 € |
| **2003** | 1.229.746 € | 1.348.661 € | 164.469 € | 27.186 € | **2.770.062 €** | 168.983 € |

| | **UDC - Monografías en papel Ingresadas** | | |
|---|---|---|---|
| | **Compra** | **Donat./intercambio** | **Total** |
| **Ano 2004** | 27.151 | 3.837 | 30.988 |
| **Ano 2003** | 27.062 | 3.948 | 31.010 |

| | **Publicacións periódicas en papel Subscricións en curso** | | |
|---|---|---|---|
| | **Compra** | **Donat./intercambio** | **Total** |
| **Ano 2004** | 3.435 | 1.294 | 4.729 |
| **Ano 2003** | 3.620 | 1.297 | 4.917 |

| Recursos electrónicos | | | |
|---|---|---|---|
| | **Monografías** | **Publicacións periódicas** | **Bases de datos** |
| **Ano 2004** | 107 | 7.786 | 137 |
| **Ano 2003** | 112 | 715 | 142 |

## Algúns indicadores sobre gasto e incremento anual:

| | **Universidade** | **Gasto en adquisicións por usuario** | **Nº posto** |
|---|---|---|---|
| **Ano 2004** | A Coruña | 93 € | 9 |
| | Media REBIUN | 73 € | 22 |
| **Ano 2003** | A Coruña | 95 € | 9 |
| | Media REBIUN | 73 € | 20 |

| | **Universidade** | **Incremento de monografías en papel por usuario** | **Nº posto** | **Revistas vivas en papel por investigador** | **Nº posto** |
|---|---|---|---|---|---|
| **Ano 2004** | A Coruña | 1,1 | 23 | 2,3 | 8 |
| | Media REBIUN | 1 | 29 | 1,5 | 29 |
| **Ano 2003** | A Coruña | 1,1 | 24 | 2,4 | 8 |
| | Media REBIUN | 1 | 27 | 1,5 | 30 |

| | Universidade | Gasto en revistas por investigador | Nº posto | Gasto en recursos electrónicos sobre o total | Nº posto |
|---|---|---|---|---|---|
| **Ano 2004** | A Coruña | 642 € | 5 | 24% | 33 |
| | Media REBIUN | 330 € | 31 | 25% | 31 |
| **Ano 2003** | A Coruña | 662 € | 7 | 6% | 59 |
| | Media REBIUN | 364 € | 27 | 22% | 27 |

**Evolución fondos bibliográficos: monografías e publicacións periódicas 1993-2004:**

| ANOS | MONOGRAFÍAS | PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS |
|---|---|---|
| 1993 | 104.863 | 3.429 |
| 1994 | 145.300 | 3.517 |
| 1995 | 183.758 | 3.957 |
| 1996 | 218.754 | 4.077 |
| 1997 | 257.071 | 4.771 |
| 1998 | 298.358 | 5.451 |
| 1999 | 369.624 | 6.550 |
| 2000 | 417.681 | 6.668 |
| 2001 | 466.064 | 6.606 |
| 2002 | 510.316 | 6.751 |
| 2003 | 541.002 | 6.839 |
| 2004 | 584.880 | 7.056 |


Fondos bibliográficos: monografías (1993-2004)
600000
500000
400000
300000
200000
100000
0
1993
1994
1995
1996
1997
1998
1999
2000
2001
2002
2003
2004


Fondos bibliográficos: publicacións periódicas (1993-2004)
8000
7000
6000
5000
4000
3000
2000
1000
0
1993
1994
1995
1996
1997
1998
1999
2000
2001
2002
2003
2004

## Evolución préstamos domiciliarios 1993-2004

| ANOS | PRÉSTAMOS DOMICILIARIOS |
|---|---|
| | |
| 1993 | 74.384 |
| 1994 | 132.769 |
| 1995 | 159.420 |
| 1996 | 201.762 |
| 1997* | 344.905 |
| 1998* | 449.346 |
| 1999 | 338.823 |
| 2000 | 327.679 |
| 2001 | 302.333 |
| 2002 | 304.772 |
| 2003 | 287.030 |
| 2004 | 262.822 |

*Incluídas as renovacións



## ► TERCEIRO CICLO

En xuño, como era preceptivo, procedeuse á renovación da metade dos membros da Comisión de Doutoramento. Unha vez reunida a Comisión cos novos membros elixiu como Presidente ao Prof. Dr. Fermín Navarrina, continuando o secretario anterior.

- Léronse un total de **73 teses de doutoramento**:

| | |
|---|---|
| Doutor arquitecto | **2** |
| Doutor en Bioloxía | **6** |
| Doutor en Ciencias Ambientais | **1** |
| Doutor en CC Económicas e Empr. | **3** |
| Doutor en Dereito | **1** |
| Doutor en Educación Física | **2** |
| Doutor enxeñeiro de Camiños | **1** |
| Doutor enxeñeiro industrial | **3** |
| Doutor enxeñeiro naval | **1** |
| Doutor en Filoloxía Hispánica | **2** |
| Doutor en Filoloxía Hispánica (sección galego-portugués) | **1** |
| Doutor en Filoloxía Inglesa | **2** |
| Doutor en Humanidades | **2** |
| Doutor en Informática | **7** |
| Doutor en Mariña Civil | **1** |
| Doutor en Medicina | **5** |
| Doutor en Psicopedagoxía | **4** |
| Doutor en Química | **2** |
| Doutor en Socioloxía | **1** |
| Doutor pola Universidade da Coruña | **26** |

- Déuselle publicidade na web institucional ás seis mencións de calidade obtidas polos programas da UDC e que foron:

**UDC**

**PROGRAMA: "EL LENGUAJE NATURAL Y LENGUAJE ARTÍSTICO EN SU MODALIDAD LITERARIA Y AUDIOVISUAL"**
COORDINADOR: HELENA LÓPEZ PALMA
DEPARTAMENTO: FILOLOXÍA ESPAÑOLA E LATINA.- FACULTADE FILOLOXÍA

**INTERUNIVERSITARIOS**

**PROGRAMA: "INTERUNIVERSITARIO EN TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN" (USC)**
COORDINADOR: RAMÓN DOALLO BIEMPICA
DEPARTAMENTO: ELECTRÓNICA E SISTEMAS.- FACULTADE INFORMÁTICA

**PROGRAMA: "NEUROCIENCIA" (USC)**
COORDINADOR: JULIÁN YÁNEZ SÁNCHEZ
DEPARTAMENTO: BIOLOXÍA CELULAR E MOLECULAR.- FACULTADE CIENCIAS

**PROGRAMA: “ELECTROQUÍMICA: CIENCIA E TECNOLOXÍA (ECYT)” (POLITÉCNICA DE CARTAGENA)**

COORDINADOR: MANUEL SASTRE DE VICENTE

DEPARTAMENTO: QUÍMICA FÍSICA E ENXEÑERÍA QUÍMICA .- FACULTADE CIENCIAS

**PROGRAMA: “LENGUA Y SOCIEDAD DE LA INFORMACIÓN: LA LINGÜÍSTICA Y SUS APLICACIONES” . UNIVERSIDAD DE VIGO**

COORDINADOR: NANCY VÁZQUEZ VEIGA

DEPARTAMENTO: GALEGO-PORTUGUÉS, FRANCÉS E LINGÜÍSTICA.- FAC. FILOLOXÍA

**RENOVACIÓNS 2004**

**PROGRAMA*:* “MÉTODOS MATEMÁTICOS Y SIMULACIÓN NUMÉRICA EN INGENIERÍA Y CIENCIA APLICADA” (USC)**

COORDINADOR: CARLOS VÁZQUEZ CENDÓN

DEPARTAMENTO: MATEMÁTICAS.- FACULTADE INFORMÁTICA

- No curso 2003-04 conseguiron o **DEA un total de 270 alumnos**, once menos que no curso anterior.

- Comezaron un total de **36 programas de doutoramento**, distribuídos do seguinte xeito:

**CIENCIAS**

Bioloxía ambiental
Bioloxía mariña e acuicultura
Ciencia e tecnoloxía ambiental
Ciencia e tecnoloxía de polímeros
Ciencias da actividade física e do deporte: avances e investigación
Ciencias da Terra e do Medio Ambiente
Electroquímica: ciencia e tecnoloxía (ECy T)
Estatística e investigación de operacións
Medicina clínica. Avances e investigación
Métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas
Novas tendencias e aplicacions no ámbito asistencial
Programa interuniversitario de neurociencia
Química ambiental

**HUMANIDADES**

A linguaxe natural e a linguaxe artística na súa modalidade literaria e audiovisual
Estudos lingüístico-literarios do galego e do portugués
Filoloxía inglesa
Innovación e investigación educativa
Lingua e sociedade da información: a lingüística e as súas aplicacións
Linguaxe, ciencia e antropoloxía
Orientación en necesidades socioeducativas
Patrimonio histórico e cultural de Galicia

**TECNOLÓXICO**

Arquitectura en Galicia
Arquitecturas e tecnoloxías multimedia
Computación
Construción, patoloxía e restauración arquitectónicas
Enxeñaría civil
Enxeñaría de propulsión e navegación marítima
Enxeñaría industrial
Enxeñaría naval e oceánica
Interuniversitario de tecnoloxía da información
Tecnoloxía da información e as comunicacións

**XURÍDICO SOCIAL**

A sociedade da información: retos sociais e instrumentos de análise
Economía cuantitativa: instrumentos e análise económica
Integración económica e políticas públicas
Liberdades públicas e dereitos fundamentais
Métodos e técnicas de investigación na xestión de organizacións

## 05. FERROL E RELACIÓN UNIVERSIDADE-EMPRESA

A área Relación Universidade-Empresa é de nova creación polo equipo de goberno do reitor Barja. Preténdese outorgarlle rango institucional ao compromiso de achegamento do traballo docente e investigador ao noso contorno socioeconómico. A área ten como coordinador a un membro do persoal de administración e servizos. As iniciativas máis importantes no conxunto do departamento foron as que seguen:

- Comezo do programa de cátedras de empresa da UDC. **Creouse a Cátedra Inditex de Responsabilidade Social Corporativa,** co obxectivo de difundir e promover a Responsabilidade Social Corporativa en calquera dos seus diferentes aspectos no marco da relación entre a Universidade da Coruña e as empresas e institucións do seu contorno social.

- Elaboración das **normas de acceso e permanencia no viveiro de empresas de base tecnolóxica da UDC**. Constitución da Comisión de Avaliación e Selección do viveiro de empresas. Primeira convocatoria para empresas aspirantes e atención ás iniciativas presentas por sete empresas.

- Constitución das **xestoras dos centros tecnolóxicos da UDC**: Centro de Edificación en Enxeñería Civil (CITEEC) e Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT-Ferrol).

- Posta en marcha do **Observatorio Ocupacional** e nomeamento da súa directora, profesora Dª María Jesús Freire.

- Adscrición á estrutura desta vicerreitoría dos servizos de orientación laboral e autoemprego.

- Aumento da presenza da UDC en parques empresariais tecnolóxicos e iniciativas semellantes. **Compra de accións do Parque Tecnolóxico de Galicia** e entrada no seu consello de administración.

- Asindruonse un total de **47 convenios marco, 265 específicos e 121 de prácticas**.

- Nomeamento dun vicexerente do Campus de Ferrol.

- Potenciación da Cátedra Jorge Juan. **Aumento dun 10%** na súa dotación económica.

## 06. CALIDADE E HARMONIZACIÓN EUROPEA

- No contexto da elaboración do **Primeiro Plano Director Docente** créase a **Comisión de Formación e Asesoramento** que aborda o deseño, desenvolvemento e implantación da avaliación docente *on-line*. No mes de maio realízase a primeira avaliación, que inclúe tamén por primeira vez os centros adscritos. Publícanse na web os resultados xerais da Universidade e proporciónaselle ao profesorado e estudantes información confidencial e *on-line* dos seus resultados persoais.

- Deséñanse xunto co CUFIE os **Plans de Apoio ao Ensino (PAE)** e á **Aprendizaxe** (**PAA)** aos que o profesorado pode acceder dende o perfil formativo derivado da avaliación docente.

- Deséñase tamén o procedemento de avaliación de servizos en liña que será aplicado no ano 2005.

- Créanse os **Grupos Departamentais de Calidade (104)** como complemento dos Grupos piloto da ACSUG que pasan a actuar como Grupos de Referencia na UDC.

- Renóvase a Web Institucional, **créanse as web das vicerreitorías** e un novo espazo para o EEES.

- Coa colaboración da UTC, mantéñense reunións con todo os equipos decanais e comités de avaliación da última convocatoria de avaliación institucional.

- Créase o **Centro Virtual de Excelencia** e mantense a oferta de cursos de inglés da Aula de Inglés.

## ► SERVIZO DE INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS

- Noméase a D. Antonio Ventura Novas director do Servizo e a D. Jesús Salceda, subdirector. Durante este ano comeza o estudo para a reorganización do servizo que culminará no 2005 cos cambios pertinentes na RPT.

- **Renóvase o equipamento das Aulas Net nun 40%** aproximadamente e iniciase un plan de renovación dos equipos informáticos da administración.

- Cámbiase o programa de nóminas para tentar de resolver os problemas que se detectaban co anterior.

- Organízase a **campaña UNIPORTA e UNI-WIFI** dentro do convenio que a Xunta firma coas tres universidades galegas. Fixéronse senllas campañas en xuño e en outubro. En total aceptáronse 1.073 solicitudes, con ou sen financiamento, para mercar ordenadores portátiles.

- Ábrese a primeira fase do paso da rede da Universidade de ATM a Gigabit. O concurso é adxudicado a Alcatel cunha oferta que implica dispor dunha rede con capacidade de **10 Gigabits.**

- Planifícase a reubicación do servizo no Edificio de Investigación.

  - Renóvase a web institucional, deséñanse as **web das vicerreitorías**, do EEES, o Espazo de Traballo ECTS, de Comunicación e Prensa.

- Cámbiase de ubicación a centraliña e mellórase o equipamento.

**► SERVIZO DE MEDIOS AUDIOVISUAIS**

- O servizo reinicia as súas actividades co nomeamento dun novo director: D. José Manuel Asorey Brandariz e o traslado da súa sede ao Edificio de Investigación.

- Comezo dos traballos para a elaboración da web do servizo e das tarifas. Iníciase tamén a oferta dun servizo centralizado de tradución simultánea para cursos e congresos coordinando os recursos de centros diversos que dispoñen de material complementario.

**► CUFIE**

- Noméase novo director do centro a D. Juan José Bueno Aguilar. Créase a **Unidade de Atención á Diversidade** e a **Unidade de Formación e Asesoramento.**

- Asínase un convenio coa Federación de Xordos de Galicia para proporcionar intérpretes de signos aos estudantes que o necesiten, e para cooperar na integración deste colectivo.

- No curso que comezou puxéronse en marcha o **Plano de Apoio ao Ensino** e o **Plano de Apoio á Aprendizaxe.** A Unidade de Formación e Asesoramento recibiu 1.264 solicitudes de preinscrición no PAE e **participaron finalmente 361 profesores**. Este plano dividiuse en catro programas e ofertáronse 33 cursos.

- Dentro do Plano de Apoio á Aprendizaxe realizáronse 13 cursos na Coruña e tres en Ferrol, para os que se ofertaron 1.040 prazas. Recibíronse un total de 422 preinscricións e **participaron 291 alumnos.**

- Remodélase a web do CUFIE de xeito que permita tamén xestionar o PAE e o PAA dende a web.

- Ten lugar un ano mais o C.A.P. Nel **matricúlanse arredor de 800 estudantes.**

- Recóllese na folla de matrícula información sobre os estudantes que poden necesitar apoio derivado dunha discapacidade.

**► UNIDADE TÉCNICA DE CALIDADE (UTC)**

- **Remátase o Plan de Avaliación Institucional** en marcha coa elaboración do **Informe Final da Universidade** e o comezo das reunións xa mencionadas cos equipos dos centros avaliados para planificar as accións de mellora a realizar no ano en curso.

- Elabórase un **Plan Bianual** para a avaliación dos servizos a desenvolver no ano 2005.

- Lévanse a cabo cursos de formación sobre Espazo Europeo de Educación Superior como apoio os grupos piloto da ACSUG e os recentemente creados Grupos Departamentais de Calidade.

### ► TELEFORMACIÓN

Os datos revelan un crecente emprego dos servizos que presta a Facultade Virtual, tanto por parte do alumnado como do profesorado.

- No curso 2003-04 **accederon á Facultade Virtual un total de 5.083 estudantes de primeiro e segundo ciclo**, dun total de 13.862 con acceso (os alumnos non matriculados en materias que conten con espazo na plataforma de teleformación non teñen acceso ao servizo).

- De Terceiro Ciclo empregaron a plataforma 47 dos 77 con acceso.

- Precursos: alumnos con acceso: 8.419; alumnos que accederon: 417.

- Dos 74 alumnos de posgraos que tiñan acceso, fixérono efectivamente un total de 32.

- Un total **de 289 docentes** impartiron materias de primeiro e segundo ciclo a través da Facultade Virtual. 59 pertencen á área de Ciencias Experimentais e da Saúde, 24 á de Humanidades, 145 á Tecnolóxica, 67 á Xurídico-Social e 11 a Ciencias da Educación.

- Para materias de Terceiro Ciclo, o número de profesores con acceso foi de 45.

- En 2004 estaban dispoñibles na Facultade Virtual **285 materias de primeiro e segundo ciclo,** en tanto outras 122 estaban en preparación.

- De Terceiro Ciclo estaban dispoñibles 31 e en preparación 12, así como catro precursos e tres posgraos.

## 07. ORGANIZACIÓN ACADÉMICA

As principais accións en cuestión de Organización Académica foron:

- **Incorporación do INEF** como centro propio desde xaneiro e creación do Departamento de Educación Física e Deportes.

- **Flexibilización da normativa de matrícula**. Eliminouse o requisito que establecía que para matricularse das optativas do segundo cuadrimestre cumpría facelo tamén das do primeiro.

- Convenio das tres universidades galegas e a Xunta para a **convalidación de ciclos formativos de grao superior da Formación Profesional** por materias de titulacións universitarias de primeiro ciclo. Este convenio púxose en marcha para o curso 2004-05 coas seguintes titulacións implicadas:

  + E.U. de Estudos Empresariais: Diplomatura en Ciencias Empresariais.

  + E.U. de Enfermería e Podoloxía: Diplomatura en Enfermería.

  + Facultade de Ciencias da Educación: Diplomatura en Educación Social.

  + Facultade de Informática: Enxeñería Técnica en Informática de Xestión e Enxeñería Técnica en Informática de Sistemas.

## ► UNIVERSIDADE SENIOR

- **Modificouse a estrutura de estudos** da Universidade Sénior para posibilitar que, rematados os tres primeiros cursos e obtido o correspondente título, exténdase a permanencia a un 4º curso, que dará dereito a un título de nivel superior.

- Nomeamento dunha **nova directora** na persoa de Dª. Pilar García de la Torre.

- Para atender a alta demanda de prazas na Sénior, incrementouse a admisión de alumnos, que pasaron de 307 no curso 2003-04 (219 na Coruña e 88 en Ferrol) a **381 no curso 2004-05** (276 na Coruña e 105 en Ferrol).

## ► UNIDADE DE ESTUDOS DE POSGRAO

- Nomeamento dun **novo director** na persoa de D. José Antonio Vilar.

- Procedeuse á regularización e actualización de todos os estudos de posgrao. Leváronse a Consello de Goberno as modificacións que tiñan que ser aprobadas por este órgano.

- Nos cursos de posgrao que comezaron en 2004 matriculáronse 1**.530 alumnos**, 73 máis que no curso anterior.

- No curso 2004-05 **impartíronse 71 másters,** cursos de posgrao e cursos de especialización, o que supón 14 más que no curso anterior.◄

## 08. PROFESORADO

A xestión no ámbito do Profesorado estivo claramente marcada polo **consenso logrado no Claustro para aprobar unha redacción da Transitoria Terceira dos Estatutos** que resolveu o problema de legalidade exposto pola Xunta de Galicia. Supuxo o compromiso de crear prazas do máximo nivel para os actuais profesores contratados a tempo completo sen máis condición que ter a acreditación ou habilitación correspondente.

O 21 de Maio constituíuse a Mesa Sindical do Profesorado coa presenza de todas as organizacións sindicais con representación no sector do profesorado. Tal como se establecía no programa electoral do equipo de goberno, nesta mesa estanse a tratar todos os temas referentes ao PDI. Así, nas primeiras reunións discutiuse e emendouse a normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado que posteriormente aprobou por unanimidade o Consello de Goberno na sesión do 28 de maio.

O 3 de xuño a mesa de negociación do profesorado acordou unha solución para a continuidade do profesorado con contrato laboral de duración determinada que remataba o seu contrato o 30 de setembro. Propúxoselle ao Consello de Goberno crear a figura de profesor asociado coa máxima dedicación que permite a lexislación laboral seguindo o establecido na disposición transitoria terceira dos Estatutos, para aqueles profesores que non tiñan a acreditación correspondente. Convocáronse os correspondentes concursos para regularizar todo o colectivo.

Para executar o establecido na transitoria terceira dos Estatutos, acordouse na mesa sindical realizar dúas convocatorias anuais de prazas de contratados das novas figuras establecidas na LOU. Estas tiveron lugar o 22 de xullo e o 22 de decembro, respectivamente. **Creáronse 23 prazas de profesor contratado doutor, 5 de profesor axudante doutor e 11 de profesor colaborador.** A UDC foi a primeira universidade do sistema universitario galego en iniciar o proceso de regularización do profesorado contratado a tempo completo da LRU.

O 22 de xullo deuse conta ao Consello de Goberno da proposta da Mesa Sindical sobre dedicación e salarios das figuras de contratado laboral de axudante, axudante doutor, contratado doutor, colaborador e asociado P07, que se revisarán posteriormente na negociación do primeiro convenio colectivo que se pretende levar a cabo conxuntamente nas tres universidades do sistema universitario galego.

Estas accións enumeradas nos apartados anteriores estiveron encamiñadas a dar cumprimento ao aspecto prioritario do compromiso electoral en materia de PDI que non é outro que a estabilidade do profesorado contratado como incentivo para a cualificación do mesmo.

Tamén se aprobou a primeira normativa de contratación de profesores eméritos que recolle uns requisitos mínimos de calidade para a tramitación das solicitudes.

Por último, hai que indicar que se puxo a disposición de todo o profesorado a información sobre a actividade docente recollida nos PODs elaborados polos departamentos, mediante a aplicación POD aberto. Esta é unha iniciativa que vai na liña de publicidade e transparencia das actividades do profesorado como parte importante do servizo público do ensino superior. ◄

## 09. ESTUDANTES

A Vicerreitoría de Estudantes desenvolveu diversas accións específicas encamiñadas a mellorar servizos básicos para o alumnado, como a oferta de axudas e bolsas, o transporte, as aulas de estudo ou a integración de mozos ou mozas con discapacidades. Estas son as principais iniciativas:

### ► TRANSPORTE

- Posta en marcha do **apeadeiro de Renfe** no campus de Elviña.
- Mellora do transporte aos campus de Elviña e da Zapateira. Cambio de traxecto con prolongación de liña ata Filoloxía e **incremento significativo e frecuencias en toda a franxa horaria. (4-5 minutos).**
- Convenio coa Deputación da Coruña para estudar a problemática do transporte universitario na área metropolitana.

### ► COLABORACIÓN INSTITUCIONAL

- Participación da UDC no **Foro de Mariñán**.
- Participación na Comisión de Bolsas da Deputación da Coruña.

### ► DOCENCIA E ESTUDO

- **Ampliación dos horarios de apertura das aulas de estudo** durante o ano. Durante o ano: luns a venres, de 8.00 a 22.00 e sábados de 10.00 a 22.00. En épocas de exames: luns a venres de 8.00 a 2.00 e sábados de 10.00 a 2.00.

- **Creación de aulas de estudo no Centro Universitario de Riazor**, cun total de 444 postos, para substituír aos 160 postos que había na Escola Técnica Superior de Náutica.

- **Ampliación da capacidade das aulas de estudo de Ferrol**: un total de 424 postos repartidos en dúas aulas.

► **BOLSAS E AXUDAS**

- Fixación de criterios obxectivos e públicos na selección de bolseiros.

- Axudas para viaxes de estudos aos centros propios e fixación de criterios de reparto.

- **Bolsas para as Aulas Net**.

- Convenio co Banco Santander para prácticas de alumnos.

► **ESTUDANTES DISCAPACITADOS**

- Creación da Cátedra Fundación María José Jove. Convocatoria anual de **36 bolsas para estudantes con necesidades educativas especiais**. Intérpretes para alumnos con discapacidades auditivas severas.

► **ASISTENCIA Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA**

- Aprobación da normativa sobre espazos sen fume. Plan Universidade Libre de Tabaco.

- Programas específicos de tratamento de condutas de risco para a saúde. Posta en marcha de programas gratuítos de tratamento do tabaquismo para todos os membros da comunidade universitaria. Sinalización nos centros coa restrición de áreas de fumadores a algunhas zonas das cafetarías e aos vestíbulos.

► **ASOCIACIÓNS DE ESTUDANTES**

- Fomento e apoio do asociacionismo estudantil. Incremento dun 16% no crédito destinado á convocatoria anual de axudas. Fixación de criterios obxectivos e transparentes.

► **PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**

- Probas selectivas para ingreso na escala administrativa. Promoción interna.
- Probas selectivas para ingreso na escala de xestión. Promoción interna.

► **PLAN LABORA**

- Coordinación do Plan Labora Xunta-UDC.

## 10. EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E COMUNICACIÓN

Na Vicerreitoría de Extensión e Comunicación, da que dependen servizos e áreas como Publicacións, Cultura, Deportes, Cooperación, Normalización Lingüística, Prensa, Biblioteca Virtual Galega, Cursos e Congresos e o Clube Universitario, partiamos, como noutras áreas, dunha situación francamente deficitaria, por non dicir que algunhas delas eran pouco máis que un rótulo sobre unha porta. Durante ese ano 2004 boa parte dos esforzos foron dirixidos á reorganización interna e á dotación de recursos, polo que os seus froitos foron especialmente visibles no ano en curso.

### ► COMUNICACIÓN

A área de Comunicación era especialmente relevante para un reitor que fixo da transparencia un compromiso ineludible. O departamento de prensa estaba concibido no seu funcionamento dunha maneira obsoleta. A aposta era reconverter o vello "gabinete de prensa" nun moderno departamento de comunicación. Resulta doado valorar o antes e o despois neste terreo especialmente sensible. Parecía claro que o seu papel non debera ser o de simple emisor de notas de prensa ou de boletíns monocromos, senón o de propiciar un acceso real e efectivo á información xerada pola universidade e, aínda máis importante, propiciar o coñecemento interno dos nosos recursos humanos e materiais. Isto fíxese nunha dupla dirección: cara aos medios, facilitándolles de forma áxil e eficaz a información, e cara á comunidade universitaria, servindo en cada pantalla de cada un dos nosos computadores toda a información impresa neses medios, sen filtros nin censuras. A **web de**

**comunicación e prensa,** posta en marcha durante 2004, é un instrumento que nos serve, día a día, e entre outras novas, o resumo de prensa local e foránea, cada nota de prensa propia ou os resumos dos consellos de goberno e claustro.

► **CULTURA**

Na área de Cultura creouse unha estrutura áxil capaz de ofrecer á comunidade universitaria e aos cidadáns en xeral unha oferta ampla, independente e crítica, baseada en "aulas" temáticas:

- Pola **Aula de Letras** pasaron desde Rosa Regás a Antonio Gamoneda, e de Rivas a Luísa Castro. Pola **Aula de Prensa**, tivemos desde Jon Sistiaga ao Ararteko vasco.
- A **Aula de Teatro** incrementou a súa dotación e creou unha rede de cursos na Coruña e en Ferrol e un festival de teatro universitario, hoxe internacional, onde presenta a súa propia produción. Impartíronse cursos de interpretación, de iniciación ao teatro e de teatro sénior, así como talleres interuniversitarios sobre "*Frontalidade teatral*" e "*Improvisación-composición en tempo real*".
- Na **Aula de Cinema** proxéctanse sistematicamente ciclos de películas e ofértanse cursos específicos, sexa sobre técnicas ou sobre historia do cinema… Outro tanto sucedeu nas actividades musicais, coa renovación do coro e a ampliación da oferta propia, con concertos periódicos, ou co rescate dos campus-rock.

## ► DEPORTES

En Deportes, parecía obrigado desviar o acento desde a anterior subvención ao deporte federado, que carecía de sentido, cara ao fomento do deporte propio e de base, o xerado na propia comunidade universitaria e ao seu servizo.

- A implantación do “**Abono Deporte**”, cun custo de 24 euros, permitiu racionalizar os nosos recursos, con acceso libre individual ás escolas deportivas e ás instalacións e con importantes descontos nas taxas de aluguer e no resto de actividades ofertadas.
- No apartado competitivo, os nosos representantes nos Campionatos de España Universitarios acadaron un total de **dez metais**, colocando á UDC no noveno posto entre as máis de setenta universidades españolas.

## ► COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO

Tanto en Cooperación como en Voluntariado, a nosa universidade é un referente para outras universidades, algo do que podemos sentirnos orgullosos, e que mereceu xenerosas axudas externas que avaliaban a xusteza da súa orientación.

## ► PUBLICACIÓNS

- Co cambio do equipo reitoral nomeouse un novo director do servizo, D. Ignacio Pérez Pascual (marzo a decembro de 2004) e **renovouse o deseño** das colección de Monografías e de Cursos, Congresos e Simposios.

- Dentro das coleccións establecidas editáronse dous novos títulos en Monografías e tres na serie de Cursos. Reeditáronse dous manuais.
- Canto ás revistas, publicáronse os números relativos ao ano 2004, que en total suman nove, contando coa revista *Conceptos*. *Revista de estudios gracianos*, que este ano pasou a formar parte do fondo editorial do servizo.
- Editáronse catro libros en réxime de coedición ou colaboración con outras editoras.
- Experimentaron un pequeno incremento os intercambios xenéricos. Houbo 33 intercambios universitarios, 23 intercambios institucionais outros 20 segundo demanda.

## ► NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O Servizo de Normalización Lingüística comezou unha intensa actividade que, máis aló da necesaria sensibilización sobre a nosa lingua propia, permítenos ofrecer a toda a comunidade universitaria ferramentas para o asesoramento, para a aprendizaxe, para a tradución e para o seu uso.

- Neste ano desenvolveuse unha variada oferta de formación lingüística, coa organización de **sete cursos de lingua galega** entre os que, para alén dos habituais de linguaxe administrativa, tamén se ofreceron obradoiros de lingua oral, cursos de actualización normativa e de técnicas de redacción.
- Houbo tamén unha liña de actividades de dinamización, para potenciar a reflexión e a investigación sobre o galego coa convocatoria do **I Premio Luísa Villalta a Actividades Normalizadoras**.

- Lanzáronse unhas xornadas de debate, en colaboración coa RAG, sobre a lingua galega e os seus usos, cuxa primeira edición versou sobre **Lingua e Cidade**.
- Procurouse asemade a cooperación entre os servizos ou áreas de normalización das tres universidades galegas, en primeiro lugar para cuestións terminolóxicas básicas e despois ampliada a actividades de formación, asesoramento e dinamización. Para todo este traballo, fíxose a análise da situación sociolingüística da UDC a través dos datos recollidos quer no estudo de Álvarez Sousa quer na matrícula dos últimos cursos académicos.

**► CURSOS E CONGRESOS**

O incremento de cursos, simposios e congresos na nosa universidade non é alleo ao empeño que desde a Oficina de Cursos e Congresos se puxo en aumentar as axudas existentes, **elevadas ata 50.000 euros**, e na elaboración de criterios públicos e transparentes para a súa adxudicación. Non é banal, por exemplo, que hoxe se dea publicidade na web institucional ás axudas concedidas, con indicación das cantidades e dos beneficiarios.

O número total de reunións que se realizaron no ano 2004 na Universidade da Coruña (incluíndo congresos e simposios internacionais de altísimo nivel, congresos e simposios de ámbito nacional, xornadas científicas, reunións e seminarios de traballo, cursos, en particular cursos de verán, e ciclos temáticos de conferencias) **supera a cifra de 200.** Se a esta cifra engadimos as conferencias impartidas por profesores invitados, nunha cantidade difícil de concretar, supérase con moito a media de unha actividade académica por día natural.

Dentro de toda esta intensa actividade, destacamos os cursos celebrados durante o verán, de gran tradición e moi ampla participación, e a acumulación de congresos e xornadas realizadas durante os meses de outubro e de novembro, coincidindo co inicio do curso académico.

## 11. RELACIÓNS INTERNACIONAIS

Durante 2004, a Oficina de Relacións Internacionais traballou na mellora dos programas internacionais, asumindo que a participación nos programas de mobilidade poderían estancarse nalgúns aspectos durante o curso 2004-05, pero que se sentarían as bases para a súa promoción no futuro.

Incrementouse o esforzo informativo con charlas nos centros, envío de documentación escrita e encontros cos estudantes.

- A Universidade da Coruña **enviou 232 alumnos** con bolsas dos programas Sócrates e Erasmus e **recibiu 300**. (datos do curso 2003-04). Recibíronse oito alumnos por convenios bilaterais e dez con cargo a bolsas MAE-AECI.

- Estas cifras significan un **incremento dun 43%** en estudantes enviados e **dun 20%** en estudantes recibidos, respecto do curso 2002-03.

- **Italia é, con diferenza, o país do que proceden máis estudantes (110),** seguida de Francia (41), Polonia (32) e Alemaña (27).

- As facultades da UDC que reciben unha maior porcentaxe de estudantes estranxeiros son **Filoloxía (18%),** Económicas (17%), Dereito (11%) e Arquitectura (11%).

- **Italia** segue a ser o destino preferente dos nosos estudantes (105), seguido de Francia (33) e Portugal (27).

- Canto aos profesores, recibimos na UDC un total de 17 (datos do curso 2003-04) e enviamos 13.

- Para os Erasmus saíntes, impartíronse cursos de 40 horas de inglés, italiano, portugués, polaco, húngaro, francés e alemán.

- **244 alumnos estranxeiros recibiron clases de español.** Creouse unha proba de aptitude e coñecemento do español (PACE).

- En xaneiro entrou en vigor o **programa Erasmus-Mundus**, esencialmente dirixido a financiar másters europeos conxuntos. Estase traballando na promoción desta nova opción de mobilidade.

## 12. MEMORIA ECONÓMICA

### ► ORZAMENTO XERAL

**Obxectivos propostos para o ano 2004**

Sinteticamente, as prioridades que o actual equipo de goberno establece para o ano 2004, e que deberán ter o correspondente soporte orzamentario, son as seguintes:

- Articular os mecanismos para faceren efectivos os compromisos de estabilización do profesorado contidos nos novos estatutos da UDC.
- Desenvolver proxectos orientados á formación dentro dun proceso gradual e plurianual de adaptación ao Espazo Europeo de Ensinanza superior.
- Promover a presenza activa da UDC no seu contorno social e cultural por medio da intensificación da extensión universitaria.
- Incrementar as bolsas a estudantes nunha contía non inferior ao IPC.
- Desenvolvemento de investimentos reais que supoñan a actualización da infraestrutura tecnolóxica e investigación da UDC e que na medida do posible non incrementen os gastos correntes futuros.

**Metodoloxía de elaboración**

O proceso tivo como referentes inmediatos a prórroga do exercicio 2003 a 2004 e as situacións tanto financeira da UDC como do contorno explicadas anteriormente. Estes foron os límites nos que houbo que traballar para a consecución dos obxectivos descritos máis arriba. En consecuencia,

procedeuse en primeiro termo a unha estimación realista dos ingresos non financeiros para o exercicio 2004.

No entanto, a racionalización do gasto esixe o coñecemento dos planos de actuación de cada vicerreitoría e un esforzo por parte de cada un dos membros do equipo reitoral por priorizar e valorar actuacións para se adaptar á restrición financeira existente.

A ferramenta básica para a elaboración das propostas de gasto e para a estimación de ingresos futuros foi a “ficha de orzamento” difundida durante o mes de abril a todos os servizos e unidades gasto. Nesta folla, debía facerse constar a descrición da actuación proposta e unha valoración de gasto clasificada por capítulos en dous niveis diferentes: nivel ideal ou óptimo e nivel mínimo, entendido como a cantidade por debaixo da que a actuación sería inviable. A información para confeccionar o orzamento completouse coas memorias de necesidades que os directores de centro remitiron no derradeiro trimestre de 2003.

Deseguido, comezouse o proceso de consolidación das propostas e a adaptación do global ao marco financeiro de referencia. Este proceso implicou unha revisión de proxectos e a priorización de obxectivos por parte dos vicerreitores. Finalmente, da análise conxunta do nivel de gasto necesario para acadar os obxectivos formulados, do grao de execución en maio de 2004 de gasto no orzamento prorrogado e das estimacións de ingresos non financeiros calculáronse as necesidades de ingresos adicionais para que o orzamento se presentase equilibrado. O resultado final é a constatación da necesidade de recorrer ao uso de pasivos financeiros esixibles cun prazo de vencemento superior ao ano.

## Visión xeral do orzamento de ingresos e gastos

### Ingresos

### Capítulo III. Prezos públicos e outros ingresos

Polo que respecta ao capítulo III, de prezos públicos e outros ingresos similares, o groso do mesmo vén dado polos prezos públicos por servizos académicos (93,20% sobre o total do capítulo), que teñen carácter de libre dispoñibilidade.

Os prezos por servizos académicos referidos aos estudos oficiais son determinados pola Comunidade Autónoma -dentro dos límites fixados polo *Consejo de Coordinación Universitaria*-, na súa contía individual e no seu incremento anual, non tendo as universidades capacidade algunha de decisión sobre o mesmo. O montante total por este concepto está orzado baixo a suposición de que se vai manter o número de alumnos e que os prezos van subir un 3% en relación ao curso anterior. Para a estimación considerouse a recadación real por este concepto durante 2003. Xa que logo, este concepto sofre unha diminución do 7,97% en relación á previsión de 2003.

A previsión no resto de ingresos deste capítulo - no que se integran a venda de bens e outros ingresos diversos- foi realizada co mesmo criterio de realismo. En consecuencia, o importe total da contía orzada neste capítulo ascende a 14,798 millóns de euros, que significa unha redución do 13,13 % en relación ao orzamento de 2003.

### Capítulo IV. Transferencias correntes

Dentro do capitulo de transferencias correntes debemos diferenciar entre as transferencias que non teñen un carácter finalista e, polo tanto, sobre as que as universidades teñen libre dispoñibilidade, do resto de transferencias que dunha ou outra forma teñen unha finalidade asignada.

Entre as primeiras temos as transferencias do acordo de financiamento (estimada cun incremento do 2 % máis unha cantidade adicional como consecuencia da implantación de cursos en novas titulacións) e a transferencia procedente da Consellaría de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado cos incrementos que figuran no decreto de transferencia do INEFG á UDC; destacan entre as segundas as transferencias por sexenios, para compensar o aboamento do 40 % dos complementos nas pagas extras do persoal funcionario, convenio co Sergas para o pagamento das prazas vinculadas e dúas transferencias procedentes da Consellaría de Innovación para financiar gasto corrente. En conxunto, as transferencias correntes procedentes da administración autonómica (o 98,86 % do total do capítulo IV) experimentan un incremento do 3,69 % en relación ao orzamento de 2003.

Inclúese tamén financiamento de empresas privadas e fundacións, cun incremento do 7,03% en relación ao orzamento de 2003, para facer referencia ás achegas do SCH, conveniadas plurianualmente en setembro de 2003, ás cátedras de empresa que poidan callar durante 2004 e ás transferencias procedentes da FUAC.

En conxunto, o capítulo IV de Ingreso increméntase un 3,72 % respecto ao previsto durante 2003.

**Capítulo V. Ingresos patrimoniais**

Os ingresos patrimoniais veñen dados fundamentalmente por xuros e concesións administrativas. En relación ao orzamento de 2003, os primeiros caen un 36,59% e as segundas un 5,17%. En conxunto, o capítulo retrocede un 12,10% fronte ao orzado en 2003.

**Capítulo VII Transferencias de capital**

Os ingresos por transferencias de capital están asociados á realización de investimentos, renovacións, ampliacións e melloras ou ao desenvolvemento de proxectos de investigación.

Distínguense así fundamentalmente dous tipos de ingresos por transferencias de capital para o exercicio 2004:

- Ingresos asociados á realización de novos investimentos: procedentes fundamentalmente da Administración Autonómica como consecuencia da prórroga do Acordo de Financiamento (cunha cantidade igual á de 2003) ou de convenios específicos coa Consellaría de Innovación para infraestruturas e equipamento. Este ano figura, como novidade en relación ao orzamento de 2003, a achega conseguida nunha convocatoria do FEDER, a solicitude do anterior equipo reitoral, para investimentos en edificios e infraestrutura asociados á investigación por importe de 4,647 millóns de euros. Esta convocatoria esixe ao beneficiario que cofinancie a actuación obxecto da axuda (neste caso, a construción e dotación do CITIC). A relación de cofinanciamento obriga a que a UDC achegue 42,86 euros por cada 100 euros que desembolse o FEDER. É dicir, a Universidade ten que buscar financiamento por 1,991 millóns de euros. A actual Vicerreitoría de Investigación conseguiu captar financiamento para este proxecto doutros entes públicos (Consellaría de Innovación e outras institución públicas) quedando reducida a achega da UDC a 453.453,00 euros.
- Ingresos para a renovación ampliación e mellora os investimentos existentes: procede da Comunidade Autónoma e foi estimada na mesma cantidade que no ano 2003.

En conxunto, as cantidades orzadas neste capítulo incorporan un incremento dun 42,80% en relación ao previsto para 2003.

**Capítulo VIII. Variación de activos financeiros**

Nos ingresos recoñecidos en concepto de variación de activos financeiros a UDC recolle os remanentes de tesourería. Polos motivos expostos anteriormente, orzamos esta cantidade cunha cantidade simbólica de 1 euro, o cal supón facer desaparecer este concepto de ingreso.

**Capítulo IX Variacións de pasivos financeiros**

O capítulo de variación de pasivos financeiros recolle os ingresos por préstamos. Esta é outra novidade contida no orzamento de 2004. Proponse incorporar unha contía de 6.000.000 euros para financiar gasto de capital contido no capítulo VI "Investimentos Reais".

Para comprender cumpridamente este capítulo, cómpre estudalo conxuntamente co capítulo IX de Gasto "Variación de Pasivos Financeiros", onde se recolle a devolución durante este ano de 900.000 euros, no suposto de que a operación de préstamo fose concertada antes do 30 de xuño de 2004. En definitiva, o volume de pasivo financeiro vivo a 31/12/2004 sería en calquera caso de 5.100.000 euros. Dado o avanzado do ano, e a pesar de que a autorización xenérica sería para os 6.000.000 euros, parece lóxico que o compromiso do equipo de goberno no tocante a formalización de préstamos quede reducido estritamente aos 5,1 millóns comentados anteriormente.

Para captar unha parte importante deste financiamento (aproximadamente, 3.000.000 euros), proponse acudir á convocatoria que figura na RESOLUCIÓN de 10 de xuño de 2004 (véxase ANEXO 1), da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, pola que se efectúa a convocatoria para a concesión de axudas do Plano Nacional de I+D+I (2004-2007) para proxectos de I+D realizadas en Parques Científicos e Tecnolóxicos (BOE nº 157, de 30 de xuño de 2004). O feito de que estas axudas figuren no capítulo IX de ingresos é que tal como indica o apartado cuarto "*las ayudas previstas serán instrumentadas como créditos reembolsables, con las características previstas*

*en el apartado octavo de la Orden CTE 350/2004 de 10 de febrero"*. En resumo, estas características son:

1. O prazo máximo de amortización será de 15 anos, modulables na respectiva resolución de concesión, atendendo á natureza e ás características da proposta presentada. Terá un prazo de carencia máximo de tres anos.
2. O tipo de xuro de aplicación será do cero por cento anual.
3. A contía máxima do préstamo será do 75 % dos custos subvencionables.
4. Esixirase en todo caso para o seu abonamento, a previa achega polo beneficiario dos correspondentes resgardos de constitución de Garantías ante a "Caja General de Depósitos", segundo está regulado no apartado vixésimo primeiro da Orde CTE 350/2004 de 10 de febreiro.

Entendemos que nos orzamentos que se someten á aprobación do Consello Social figura un volume de gasto subvencionable, de acordo co contido desta resolución, por aproximadamente catro millóns de euros. En consecuencia, estimamos que a axuda concedida nesta convocatoria pode ascender a arredor de 3 millóns de euros[1]. O prazo para a presentación das solicitudes e documentación para o exercicio orzamentario de 2004 remata o 31 de xullo de 2004.

Valoramos moi positivamente estas iniciativas gobernamentais porque outorgan ás universidades unha axuda que, aínda que formalmente se articule como un crédito reembolsable, contribúe en condicións moi vantaxosas ao financiamento das infraestruturas científicas con futuro aproveitamento para o tecido empresarial.

---

[1] Esta convocatoria está sendo amplamente empregada polas Universidades Españolas. Dentro do SUG, temos constancia de que a Universidade de Vigo introduce no capítulo IX de ingresos a cantidade de 1.740.500 euros en concepto de préstamos, procedentes das convocatorias de parques científicos. (Véxase o Orzamento da Universidade de Vigo, páxina 19).

Seguindo o escenario de que o compromiso de concertación de pasivos financeiros non superaría os 5,1 millóns de euros durante 2004, o resto ata acadar esta cifra unicamente se formalizaría baixo as seguintes condicións:

1. O Equipo Reitoral xustificaría a operación de endebedamento perante o Consello Social en función da evolución da execución dos ingresos e dos gastos durante o exercicio 2004.
2. O Equipo Reitoral solicitaría do Consello Social a aprobación puntual da operación, como paso previo á solicitude de autorización ao órgano competente da Xunta de Galicia.
3. Finalmente, o Equipo Reitoral concertaría a operación nas condicións máis vantaxosas posibles para a UDC.

## GASTOS

### Capítulo I. Gastos de persoal

No capítulo I de gastos de persoal recóllese o conxunto de obrigas que a universidade recoñece en concepto de retribucións, seguridade social, acción social, etc., en relación co seu persoal docente e de administración e servizos.

Debe ser destacado que, a especial estrutura das universidades en tanto que prestadoras de servizos de docencia e investigación, fai que o capítulo de gastos de persoal sexa, con diferenza, o que representa maior peso porcentual sobre o total de gastos (65,19 % no orzamento de 2004; 66,33% no de 2003). Asemade, resulta importante distinguir dentro deste capítulo os gastos de persoal que levan asociado directamente financiamento externo, como é o caso dos sexenios de investigación, os pagamentos realizados ao abeiro do concerto entre a UDC e o Sergas ou os asociados a determinados convenios –complementos retributivos no futuro-, do resto de gastos de persoal que deben ser financiados cos recursos incondicionados dos que dispoñen as universidades.

Este capítulo experimenta un incremento dun 8,29 % en relación ao orzamento de 2003 como consecuencia dos seguintes feitos:

- Incorporación ao cadro de persoal da UDC do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos do INEFG.
- Procesos de funcionarización e de promocións experimentados no PDI, como consecuencia da resolución das derradeiras prazas rexidas pola LRU durante 2003, e no PAS: en consecuencia, o incremento do custo do persoal funcionario (PDI e PAS) é do 17,07 % e o peso que ten no conxunto do capítulo ascende ao 67,32 %. Paralelamente, experiméntase unhas reducións do 7,58 % do custo do PAS laboral e do 3,05 % no gasto en PDI contratado.
- As políticas concretas para responder ao compromiso de estabilización do profesorado serán implantadas no segundo semestre de 2004 e figuran debidamente orzadas no capítulo I. A evolución do custo do PDI contratado é o resultado de dous movementos de sentido contrario: por unha banda, do acceso de parte deste persoal a figuras de profesorado funcionario durante 2003 e, por outra, da adaptación do profesorado contratado á novas figuras da LOU e a convocatoria de novas prazas debidamente xustificadas por docencia.

**Capítulo II. Gastos en Bens correntes e servizos**

Este capítulo recolle os gastos correntes en bens e servizos como consecuencia do funcionamento ordinario da institución. Está estimado practicamente nos mesmos niveis que tiña no orzamento de 2003 (a variación é de -0,76% entre os dous anos).

Existen factores que, sen dúbida, actúan incrementando este capítulo (vg. integración do INEFG, incorporación de novas infraestruturas a un funcionamento pleno ou a propia evolución dos custos dos bens e servizos consumidos en exercicios anteriores). Porén, existen reducións substanciais

que compensan o incremento previsible derivado de tales factores: por exemplo, en 2003 estaba orzada a cantidade de 500.000 euros como indemnizacións por razóns de servizo para poder atender os desprazamentos xerados pola convocatoria de gran cantidade de prazas docentes celebradas na UDC. En 2004, esta cantidade baixou a 70.000 euros. Por outra banda, estase en contacto con provedores de subministros básicos para buscar economías que permitan a universidade xestionar mellor os seus gastos ou están en fase de deseño planos para aforrar consumibles que, ademais de abaratar, teñen unha repercusión ecolóxica positiva.

En resumo, as variacións entre os orzamentos de 2003 e 2004 dos principais gastos incluídos neste capítulo son as seguintes:

| **Concepto** | **Var 03/04** | **% s/total cap. II** |
|---|---|---|
| Alugueiros | +17,79 % | 2,01 % |
| Reparación e Conservación | +15,57 % | 7,58 % |
| Material, subministracións e outros | +1,61 % | 86,72 % |
| Indemnizacións por razón de servizo | -48,41 % | 3,69 % |

### Capítulo III. Gastos financeiros

Contempla os gastos por xuros de préstamos e créditos. Estímase a partir do custo efectivo de empregar un pasivo financeiro de 6.000.000 euros durante 11 meses ao custo anual de 2,259%.

### Capítulo IV. Transferencias correntes

Nos gastos por transferencias correntes recóllese o conxunto de axudas para persoas e institucións sen fins de lucro. Destacan neste sentido as bolsas a estudantes, que se incrementan en conxunto nun 2,93 %, e as axudas da escola infantil, que se manteñen no mesmo nivel que no ano 2003. En conxunto o capítulo aumenta un 0,84 %.

**Capítulo VI. Investimentos reais**

O capítulo de investimentos reais, que sobe en conxunto un 22,06 % en relación ao orzado en 2003, integra os seguintes conceptos:

- Investimentos novos en edificios, infraestruturas e equipamento, financiados normalmente con transferencias de capital finalista.
- Gastos derivados da execución dos proxectos de investigación e dos servizos e convenios de investigación.
- Gastos relacionados coa investigación, como son os gastos de funcionamento dos departamentos e adquisicións bibliográficas.

Dentro das infraestruturas con financiamento finalista, cómpre salientar o conxunto de obxectivos propostos pola UDC á Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria dentro da prórroga do Acordo de financiamento, que materializarán durante 2004 (
Táboa 1).

| **Descrición** | **2004** |
|---|---|
| OBXECTIVO I: CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E ARQUIVO E SALA DE ESTUDOS DE ELVIÑA | 1.498.723,63 € |
| OBXECTIVO II: OBRA CIVIL PARA SALA DE ESTUDOS DO CENTRO UNIVERSITARIO DE RIAZOR | 30.000,00 € |
| OBXECTIVO III: INTERCONEXIÓN DOS CAMPUS E ELEMENTOS ACTIVOS DE REDE PARA OS MESMOS | 1.089.704,28 € |
| OBXECTIVO IV: EQUIPAMENTO PARA PROCESOS DE INFORMATIZACIÓN E RENOVACIÓN | 1.179.000,00 € |
| OBXECTIVO V: EQUIPAMENTO PARA SALAS DE ESTUDOS DO CENTRO DE ELVIÑA, CUR E OUTRAS | 678.015,72 € |
| OBXECTIVO VI: PROXECTO WI-FI[2] | 182.400,00 € |
| **TOTAL OBXECTIVOS 2004** | **4.657.843,63 €** |

[2] O proxecto Wi-Fi conta tamén con financiamento da Consellaría de Innovación por unha cantidade igual á achegada pola Consellaría de Educación. En consecuencia, o orzamento global é o dobre do que figura na táboa.

**Táboa 1: Infraestruturas financiadas pola CEOU en 2004.**

Coa participación do FEDER, inclúese no orzamento unha partida para a construción do CITIC (1,5 millóns) e outra para a adquisición de infraestrutura e equipamento científico (4,05 millóns). O esquema global de financiamento destas actuacións xa quedou explicado con anterioridade.

Existen algunhas reducións en partidas incluídas neste capítulo como, por exemplo, a consignada para o préstamo interbibliotecario (o resto do orzamento de biblioteca coincide co do ano 2003) ou os gastos en investimentos de carácter inmaterial (que pasa de 1,67 millóns en 2003 a 1,38 millóns en 2004).

O préstamo, ao que se fai referencia máis arriba, contribúe ao financiamento deste capítulo.

**Capítulo VII. Transferencias de Capital**

Este capítulo experimenta unha redución do 6,97 % en relación ao orzamento de 2003 e inclúe transferencias a SUG, CEIDA e Bugalicia por un importe conxunto de 235.619 euros.

**Capítulo VIII. Variacións de activos financeiros.**

Consígnase neste capítulo a adquisición de accións do Parque Tecnolóxico de Galicia por 6.011 euros .

**Capítulo IX. Variación de pasivos financeiros.**

Tal como quedou explicado anteriormente, e mantendo todas as matizacións introducidas na exposición do capítulo IX de ingresos, inclúese a amortización, se for oportuna, de 900.000 euros dos pasivos financeiros concertados durante 2004.

A Táboa 2 sintetiza as previsións de ingresos e gastos para 2004 e asemade compáraas coas correspondentes de 2003.

Pódense observar cambios significativos nos pesos de cada un dos conceptos de ingreso entre os dous anos comparados ao acadaren maior importancia as transferencias de capital (capítulo VII) e os pasivos financeiros (capítulo IX) a costa de reducir a presenza dos ingresos por prezos públicos (capítulo III), transferencias correntes (capítulo IV), activos financeiros (capítulo VIII). Esta situación non é cómoda xa que aumenta a dependencia da UDC de financiadores externos como determinados entes públicos ou entidades financeiras.

Tocante aos gastos, os orzamentos apostan claramente polos investimentos do capítulo VI (que gaña peso relativo nuns orzamentos que, en conxunto, medran un 10,19%). Perden importancia os gastos de persoal que, malia aumentaren 4,6 millóns de euros, supoñen o 65,19 % do orzamento total (fronte ao 66,33 do ano anterior) e os gastos correntes en bens e servizos (que pasan do 15,15% ao 13,64%).

**Táboa 2: Orzamento Xeral da UDC**

| **INGRESOS** | **2003** | **%** | **2004** | **%** | **VAR 03/04** |
|---|---|---|---|---|---|
| **Capítulo III: Taxas, prezos públicos e outros ingresos** | **17.034.886,00** | **20,26%** | **14.797.853,18** | **15,97%** | **-13,13%** |
| **Capítulo IV: Transferencias correntes** | **57.965.564,29** | **68,95%** | **60.123.083,06** | **64,90%** | **3,72%** |
| **Capítulo V: Ingresos patrimoniais** | **372.000,00** | **0,44%** | **327.000,00** | **0,35%** | **-12,10%** |
| **Capítulo VII: Transferencias de capital** | **7.976.892,01** | **9,49%** | **11.391.033,63** | **12,30%** | **42,80%** |
| **Capítulo VIII: Activos financieros** | **725.483,97** | **0,86%** | **1,00** | **0,00%** | |
| **Capítulo IX: Pasivos financieros** | | | **6.000.000,00** | **6,48%** | |
| **TOTAL ORZAMENTO INGRESOS** | **84.074.826,27** | **100,00%** | **92.638.970,87** | **100,00%** | **10,19%** |

| **GASTOS** | **2003** | **%** | **2004** | **%** | **VAR 03/04** |
|---|---|---|---|---|---|
| **Capítulo I: Gastos de persoal** | **55.767.467,58** | **66,33%** | **60.391.903,00** | **65,19%** | **8,29%** |
| **Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos** | **12.737.206,52** | **15,15%** | **12.640.514,00** | **13,64%** | **-0,76%** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Capítulo III: Gastos financieros** | **601,01** | **0,00%** | **124.245,00** | **0,13%** | |
| **Capítulo IV: Transferencias correntes** | **1.672.496,48** | **1,99%** | **1.686.490,00** | **1,82%** | **0,84%** |
| **Capítulo VI: Investimentos reais** | **13.643.776,86** | **16,23%** | **16.654.188,87** | **17,98%** | **22,06%** |
| **Capítulo VII: Tranferencias de capital** | **253.271,81** | **0,30%** | **235.619,00** | **0,25%** | **-6,97%** |
| **Capítulo VIII: Activos financeiros** | **6,01** | **0,00%** | **6.011,00** | **0,01%** | |
| **Capítulo IX: Pasivos Financeiros** | | | **900.000,00** | **0,97%** | |
| **TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS 2004** | **84.074.826,27** | **100,00%** | **92.638.970,87** | **100,00%** | **10,19%** |

## ► LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO

A liquidación do exercicio 2004 foi formulada durante o primeiro semestre de 2005. Superou o trámite do Consello de Goberno o 22 de xullo de 2005. Na actualidade está en proceso de auditoría xa que, por primeira vez, o Consello Social vai pronunciarse sobre a liquidación debidamente auditada. Os datos máis salientables das contas presentadas son os seguintes:

- Por vez primeira nos últimos anos, o resultado das operacións non financeiras do exercicio é positivo e ascende a 3,6 millóns de euros. Esta magnitude apunta a un cambio de tendencia da situación económica da UDC xa que durante o ano 2002 esta magnitude situouse en -2,1 millóns e en 2003 ascendeu a -7,2 millóns. O mesmo comportamento experimentan tanto o resultado orzamentario como o saldo de financiamento do exercicio.

- Tocante á tesouraría da institución, cómpre salientar o esforzo destinado ao pagamento de débedas contraídas pola UDC tanto en 2004 como en exercicios anteriores: do volume total de pagamentos realizados (193,2 millóns), 86,5 millóns corresponden a débedas xeradas durante 2004; 15,4 millóns a débedas anteriores a 2004. O resto son pagamentos habituais de carácter non orzamentario da institución.

Finalmente, continúase coa estratexia de saneamento do remanente de tesouraría iniciada xa na liquidación de 2003 ao depurar dereitos de cobramento por importe de 2,2 millóns de euros de exercicios pechados. O equipo de goberno da UDC insiste en manter esta política de prudencia para conseguir que o remanente de tesouraría reflicta a realidade financeira da institución. O incremento das incorporacións de remanentes de crédito de 2004 a 2005 e o devandito saneamento fai que o remanente de tesouraría non afectado se coloque en -8 millóns de euros. En calquera caso, o remanente de tesouraría total pasa de 8,6 millóns en 2003 a 12,9 millóns en 2004.

## ► PLANO ESTRATÉXICO

No ano 2004 déronse os primeiros pasos na planificación estratéxica da UDC. O Consello de Goberno aprobou o **Documento 0 do Plano Estratéxico**. Trátase dun documento metodolóxico, cuxa finalidade tripla é a seguinte:

- Comezar formalmente o proceso de planificación estratéxica no ámbito da UDC.
- Definir unha metodoloxía respectuosa cos órganos colexiados de goberno da UDC e asemade capaz de actuar para que os procesos a desenvolver consigan eficientemente as metas perseguidas.
- Definir unha secuencia de actuacións onde figuren claramente establecidos os eventos, documentos clave, duracións, etc.

O proceso deseñado para a confección do plano estratéxico é o que se recolle na Ilustración 1.

## Ilustración 1



► **ANEXO**

Texto íntegro do documento 0 do Plano Estratéxico, aprobado polo consello de Goberno en outubro de 2004.

# PEUDC_D3: MISIÓN, VISIÓN E VALORES. LIÑAS ESTRATÉXICAS NA UDC

**Introdución**

Este documento pretende desenvolver o proceso de elaboración do plano estratéxico da UDC que se inclúe no documento PEUC_D0, documento que foi aprobado en Consello de Goberno o 20 de outubro de 2004. O obxectivo é establecer a formulación da misión, no sentido estratéxico do termo, nunha tripla dimensión: finalidade, modelo de institución e principios xerais.

A declaración da misión quere facer explícitos aspectos como o obxecto social, a finalidade que dá razón de ser á universidade, o tipo de organización que quere ser no futuro e os valores éticos compartidos polo conxunto da comunidade universitaria que orientarán as súas actuacións e as dos órganos de goberno. Xa que logo, estase a falar dunha formulación ampla, que teña continuidade no tempo, que permita o desenvolvemento institucional e que estableza prioridades capaces de orientar a organización.

**Misión da Universidade da Coruña**

***Finalidade***

A Universidade da Coruña é unha institución pública que ten como finalidade esencial a xeración, xestión e difusión de cultura e de coñecemento científico, tecnolóxico e profesional a través do desenvolvemento de investigación e de docencia.

A Universidade da Coruña concibe a súa finalidade esencial como un servizo público de calidade orientado á procura de maiores niveis de benestar para o conxunto da sociedade por medio da busca de avances sociais, científicos e tecnolóxicos nun marco de valores éticos xeralmente aceptados.

Forma parte da misión da Universidade da Coruña a formación dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

A Universidade da Coruña manifesta explicitamente o seu compromiso co estudo e desenvolvemento integral de Galicia, singularmente da súa identidade social, cultural e lingüística, e asemade promoverá a súa plena integración no espazo europeo de ensino superior e a proxección en América Latina.
Por tanto, consonte o artigo 1 dos Estatutos da UDC, son funcións da universidade ao servizo da sociedade:

1. A creación, o desenvolvemento, a transmisión e a crítica da ciencia, da técnica e da cultura.
2. A preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística.
3. A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade da vida e do desenvolvemento económico.
4. A difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida.

***Modelo ou Visión***

Tras formular a finalidade, cómpre definir o modelo de institución que constitúe o proxecto de futuro cara ao que aspira a evolucionar a UDC. É importante subliñar os trazos diferenciais que esta pretende acentuar fronte a outras institucións semellantes.
En consecuencia, o modelo cara ao que a UDC procura achegarse vén formulado nos seguintes termos:

1) Unha universidade pública con funcionamento participativo e democrático a través dos seus órganos de goberno tanto colexiados como unipersoais.
2) Un servizo público que conta cuns medios persoais, materiais, financeiros e de todo tipo xestionados con eficiencia e eficacia cara á consecución da súa misión e dos obxectivos que lle son propios. Xa que logo, e consonte o seu carácter de servizo público, as prestacións achegadas pola UDC tenderán a favorecer:
   a) o acceso máis amplo posible aos seus servizos a todas as persoas interesadas, sen prexuízo dos requirimentos de formación e dos coñecementos que se determinaren nas correspondentes disposicións académicas e legais,
   b) o alto nivel de calidade que deben posuír os servizos e prestacións universitarios nunha sociedade baseada no coñecemento,
   c) un acaído equilibrio entre un financiamento suficiente para a provisión de equipamentos e servizos de calidade e unha estrutura de taxas e prezos públicos que sexa equitativa e/ou asumible polas persoas interesados.
3) Unha institución pública que actúa con independencia de poderes ou grupos de tipo económico, político, ideolóxico, relixioso ou social.
4) Unha universidade pública que, en colaboración co sector privado, dispón dun sistema de financiamento público suficiente e estable, correctamente

axeitado ás súas necesidades e que permita a consecución dos seus obxectivos tanto presentes como futuros.

5) Universidade que se desenvolve en espazos integrados harmonicamente nos seus contornos urbanos e territoriais e que actúan como polos de cohesión tanto territorial como social e económica. En consecuencia, cómprelle á UDC pór en valor todo o seu potencial humano, científico e tecnolóxico para acadar un maior e mellor desenvolvemento económico e cultural neses contornos.
6) Unha universidade pública que actúa con transparencia e informa cumpridamente da xestión e dos resultados tanxibles e intanxibles que se derivan da súa actuación á comunidade universitaria e ao conxunto da sociedade que a financia e a que serve.
7) Unha universidade que, con espírito libre e crítico, procura a extensión, afondamento e renovación do legado cultural herdado.
8) Unha universidade que busca a excelencia na investigación e no proceso de ensino-aprendizaxe e que concreta a calidade nas seguintes cuestións:
    a) o deseño dunha oferta de titulacións que sexa de interese para o conxunto da sociedade e, xa que logo, con capacidade de atracción de estudantes procedentes tanto do noso contorno próximo, do sistema universitario galego e español, como do espazo europeo de ensino superior e América Latina;
    b) o deseño e implantación de metodoloxías docentes modernas, innovadoras e eficaces que posibiliten o proceso de adquisición de destrezas e capacidades por parte dos discentes nos diferentes ámbitos do coñecemento;
    c) a procura da formación integral da persoa a través dunha docencia de calidade onde o proceso de ensino se adapte ás necesidades da aprendizaxe individual dos estudantes, facilitando, a través da titoría e dos mecanismos de avaliación mellor acaídos ás características das titulacións, a consecución dos obxectivos formativos formulados de xeito explícito.
    d) a implicación na inserción dos seus titulados no mercado laboral;
    e) o incremento e a cualificación crecente do seu propio capital intelectual por medio da formación permanente do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos (capital humano), da intensificación das relacións cos axentes sociais e económicos (capital relacional) e da innovación e mellora continua dos procesos e estruturas (capital estrutural);
    f) a dotación dunhas infraestruturas e espazos ben acaídos para o traballo nun contorno profesional nos eidos da docencia, da investigación e da xestión, e, singularmente, a dispoñibilidade de sistemas de información e comunicación efectivos;

g) a creación e o desenvolvemento de grupos de investigación básica e aplicada e o fomento de xeración de redes con vínculos entre investigadores propios da UDC ou alleos á mesma que contribúan activamente ao progreso científico, tecnolóxico, económico e social;
h) o funcionamento de grupos de investigación capaces de captaren en convocatorias competitivas financiamento público ou privado a través da prestación de servizos por medio de convenios e contratos.

9) Unha institución que se fai presente na sociedade a través da extensión universitaria que se materializa na oferta tanto de actividades culturais e deportivas como de formación continuada.

***Valores ou Principios***

A UDC, no cumprimento das súas finalidades propias, e como institución pública, civil, autónoma e laica, rexerase polos seguintes valores e principios:

1. A afirmación dos dereitos humanos e a consecuente loita contra calquera discriminación por razóns ideolóxicas, sociais, económicas, relixiosas, de nacemento, de discapacidade, de xénero ou de orientación sexual.
2. A formación de profesionais, vinculada á formación de cidadáns libres e críticos que contribúan, desde os seus destinos laborais e desde os seus saberes, á extensión e afondamento na sociedade dos principios democráticos de liberdade, xustiza, igualdade e pluralismo.
3. O principio da liberdade de cátedra, no ámbito dos dereitos académicos; e a transparencia e mais a participación dos diferentes sectores da comunidade universitaria, a través dos órganos colexiados de goberno, no ámbito da xestión universitaria.
4. O traballo en equipo, que representa en si mesmo un valor social estimable e contribúe á mellor formación dos estudantes e dos novos investigadores e ao fortalecemento da investigación no seu conxunto.
5. A procura do desenvolvemento sustentable, como compoñente esencial da súa responsabilidade social corporativa, para o cal orientará o labor docente e investigador cara á integración harmónica do progreso económico, da conservación do medio ambiente e do progreso social.
6. A paz, o fortalecemento do diálogo e da intermediación entre as diferentes culturas, e a cooperación internacional entre os pobos, como medio para erradicar a violencia e a explotación das persoas por seren incompatibles co desenvolvemento das sociedades e co coñecemento libre e desinteresado.
7. A procura da calidade e da excelencia na docencia, na investigación, na xestión e nos servizos, coa súa conseguinte avaliación, teñen como última meta acadar maiores cotas de benestar social.

8. O compromiso da UDC coa transformación e o desenvolvemento da sociedade galega responsabilízaa especialmente do cultivo, da protección e da transmisión dos valores patrimoniais e culturais máis inmediatos, tanto no ámbito artístico, como no urbanístico, arquitectónico, documental ou lingüístico.
9. Á vocación europeísta da UDC súmase natural e indisolublemente a proxección nos países latinoamericanos, aos que nos unen fortes lazos históricos e familiares.

**Liñas Estratéxicas**

Antes de formular os obxectivos xerais en que necesariamente deberá concretarse a finalidade, o modelo e os principios para o período de planificación 2005-2010, é necesaria a identificación duns eixes que, forzosamente, estruturarán o plano estratéxico da UDC. En tal sentido, o Consello de Dirección proponlle ao Consello de Goberno da UDC que tanto a análise interna como externa se vertebren arredor das seguintes liñas estratéxicas (Ilustración 2):




**Ilustración 2**

En consecuencia, cómpre que a reflexión estratéxica orientada á identificación de puntos fortes e febles en relación ás oportunidades e ameazas do contorno se desenvolva polos seguintes grupos de traballo:

- Grupo I (I+D+i)
- Grupo II (Docencia)
- Grupo III (Relacións coa Sociedade)

Cada un dos grupos deberá formular as súas análises para o período 2005-2010 no seu ámbito de traballo a través da elaboración dun documento onde figuren as conclusións do diagnóstico que realicen.

Tal como se fai constar na Ilustración 2, o catálogo de puntos fortes e febles, oportunidades e ameazas -análise DAFO- deberá estar tamén referido a dúas cuestións transversais: a xestión e as infraestruturas que están vinculadas a cada unha das tres áreas que se sinalan.

Feitas estas reflexións, e tras a formulación da misión neste mesmo documento, cumprirá a formulación dos obxectivos xerais da UDC para o período de referencia.◄

*A Coruña, decembro de 2005*